




SCRITA
5
OUTONO 1984

XOHAN CASAL 1935-1960



Portada, FOTO XOHAN CASAL. 3, FOTO-XOC por M.L.A. 4, AMALIA RODRIGUES por Margarita Ledo Andión. 6, Documentos: 1º Encontro de escritores de Galiza, Euskalerría e os Países Cataláns. PONENCIAS-CONCLUSIONS. 7-8, MANTIS RELIXIOSA por Victor García e Manuel Vicente. 9, XORNADAS DE CINE, PUNTO DE PARTIDA por Miguel Anxo Fernández. 10, SOBRE A LEI DE NORMALIZACION (?) LINGÜÍSTICA por María Pilar García Negro. 11, I CONGRESO INTERNACIONAL DA LINGUA GALEGO-PORTUGUESA NA GALIZA, por M.F. 12, 13, FRAGMENTO DUNHA CARTA, Xohan Casal Pardo, marzo de 1959. 14, 15, KAFKA E DOSTOIEVSKI por Jean Starobinski. 17, A INVESTIGACION MALA-COLOXICA NA RIA DE VIGO, Por Emilio Rolán Mosquera. 18, O TEOREMA DE GÖDEL por Alain Badiou. 19, A ESTETICA DO VALADO E DA CANCELA por Manuel Facal. 20, TITIN E "O CETRO DE OTTOKAR" por Carles Prats. 21, LUZ POZO GARZA, Poemas e dibuxo. 22, QUAND VOUS SEREZ BIEN VIEILLE... Soneto de Ronsard traducido por Dario Xohán Cabana. Poemas de Xoaé M. Costa, Xosé A. López Dobao, Lino Braxe, Xulio Bejar, Rivadulla "Corcon". Dibuxos: Páx. 2 e 22, Mantecón; Páx. 11, Permuy; Páx. 12, Reimundo Patiño; Páx. 14, Xurxo Fernández; Páx. 18 e 19, César Fernández; Páx. 21, Luz Pozo Garza; Páx. 17, Amando González; Páx. 23, Anxel Huete. Fotos: Páx. 4 e 5, Xurxo Fernández; Páx. 6, Xoán Piñón.



**COA COLABORACION DO
CONCELLO DE VIGO**



Enterro de Didier Lafitte, militante de Iparretarak, en SanXoan deLuz, Euskadi Norde, o 11 de agosto de 1984. "Dancing Last Respect" tidou a axencia Associated Press ao pasar a foto. Última Homaxe. O trágico, se aparece contextualizado, ampliando información a travesdo do imaxe, non é traumático. Pero estas imaxes raramente acadan difusión nos medios de comunicación de masas.

Foto-xoc

Por Margarita Ledo Andión

CANDO unha fotógrafa de guerra, Christine Spengler, comenta: "os meus camaradas masculinos adoitan recoller unha imaxe estereotipada da guerra. Corpos calcinados, cadavres nas cunetas... lévache dez minutos saber se se trata de El Salvador, O Libano, Vietnam", cando Christine di isto, está a delimitar que é o que marca a actitude profesional, qué demanda de foto de prensa é a que domina o mercado: o cadavre, o xoc. Cando Pierre de Fenoyl, orgaizador da mostra Photo-Journalisme no Festival de Outono (París, 77), declara que case todas as fotos son de inundacións, terremotos, golpes, manifestacións, detencións, asasinatos; e interpretao como un empobrecimento do contido da foto-press, está decindo que, cada vez máis, a información dominante reduce o real a unha parodia.

Cando Slondörff, en Circo de Engano, rodada con material documental de O Libano, ensina aos corresponsais occidentais mercando fotos de violacións, masacres, nunha barra americana, está decindo cómo se transforma a rutina profesional en cinismo.

Nos lindes desta realidade, e si collemos como referencia puntual a selección que a nivel de todo o mundo realiza cada ano a fundación holandesa "World Press Photo"*, estáse a expresar un movementos superador da rutina do xoc para tentar a contextualización, a información

activa e algúns signos de independencia profesional, movemento que trae á memoria actitudes similares arredor da guerra de Vietnam.

De certo, para o xurado internacional da World Press, a actualidade que sobrancea é un terremoto en Turquía, na imaxe dunha muller que ve morrer aos seus cinco cativos (foto de Mustafa Bodemir), ou O Irán, ou Refuxiados en Nixeria, ou, sempre, sempre, O Libano. Pero o traumático de outrora, o gran primeiro plano sanguiñolento, vaise trasladando máis para a vida cotián, para o espacio persoal: vellos solitarios, moribundos, a Miss que perde unha perna...

O consumo ávido de necrofilia deixa, pouco a pouco, os feitos colectivos. Un síntoma, anque incipiente, alentador. Porque, hoxe por hoxe, a imaxe dominante, o modelo da foto-periodismo, sigue a ser a imaxe-xoc.

A imaxe, a foto-xoc defínese, dentro do universo da foto-press, polo seu carácter unívoco, que expresa o traumático de feitos e procesos e que, ao expresalo, "suspende a linguaxe e bloquea a significación" (1). O seu ámeto de representación inclúe toda a iconografía do anormal, da violencia collida "ao vivo", dos resultados dunha catástrofe común ou individual.

A foto, analogía do real, chega na foto-xoc ao se grao máximo nas posibilidades de informar sen código, característica estrutural da imaxe.

A foto-xoc é xa unha constante na política informativa dos mass-media. O seu uso, apresurado e necesario, perfílase en conxunción con outros elementos que caracterizan na actualidade o fenómeno comunicación-información no capitalismo de organización e nos modelos que implanta.

En conexión funcional coa profusión da foto-xoc, as políticas informativas institucionais vannos amosando a súa intención de xendarmizar as sociedades, de pasivizar ao receptor.

Así, extrapolando a imaxe do traumático aos atentados en directo do 1982 (Reagan e Woytila, Sadat), é a investigadora Michelle Mattelart quen nos di: "O terrorismo é o movemento político que mellor comprende a racionalidade sensacionalista dos Medios (de comunicación)... Paralelamente, un pouco ou un pouco de terrorismo feito público abóndalle (ao Poder) para lexitimar a práctica de novos estados de excepción, para pecharse (o cidadán) na unanimidade do terror e na demanda de seguridade".

Crise. ○

Margarita Ledo Andión

*Mostra World Press Photo 83. Barcelona. Fundació Caixa de Pensiões.

(1).- Roland Barthes / Essais Critiques

Amalia Rodrigues

Por Margarita Ledo Andión

E

NTRE a voz xestual, a arte vocal popular que arrastra na palabra, e esta señora sen maquillaxe; entre a imaxe controvertida dun símbolo que repetiu o "ancienne régime" e as teimas sacrosantas na esquerda que xa se fixeron auga pasada; entre a súa habitación con madonas, colares de plástico, empeñada en que algo cardíaco anda a asediala; entre a preocupación polo seu signo zodiacal, Leo, "como o signo de Portugal", xeneroso e exhibicionista, e esa marxinalidade de non sentirse en ningún medio, nen no popular —por orixe—, nen na Higt Society lisboeta —por desinterés—, nen no intelectual —por escepticismo—, nen en dereita ou esquerda —por fe—; sob esa bóveda coa que domina como personaxe público está Amalia. Dispersa, atrainte, interrompindo frases, como "unha forza da natureza" definíanola George Stresich


Amalia Rodríguez. De vostede fábase así: negro, ollos pechos, a cabeza para atrais...

Boeno, os críticos falan do que ven e non hai dúbida en canto a que eu canto de negro, con mantón negro —o pobo usa sempre o chal negro— e canto de pé, sempre cos ollos pechos, o negro, ten que ver coa timidez e eu vou por aí adiante máis segura toda tapada, saía longa, chal... si, si, cando eu vendía laranxas nas ruas de Lisboa compría pregoar a mercadoría e Amalia non era capaz de cantar o pregón das suas laranxas. Qué cómo...? tiña voz, todos o dicían, e é natural que iso provoque non sei se vanidade pero unha fica un chisco convencida. A min propia gustábame ouvirme. Ademais, verdadeiramente, ser artista para min era algo extraordinario. Eu ollaba unha lentexuela brillante nunha saia de calqueira artista, mesmo se era unha pésima artista, e semellabame unha raiña. Tamén, claro, esas cousas de que si o meu aspeito que era popular, si señor, pero non vulgar. En fin, que un día convidáronme a unha proba da voz e eu fun, as agachadas dos meus pais, cunha hirmá miña e mais unha tía.

Esa transcendencia, a liturxia toda do fado, rompeuna nun disco recén, no 82, no que inclue un xogo cun extraterrestre.

Pois. Non fun Amalia por cancións de ovnis pero topeino simpático, sabe, cando un é mui calado vai e solta un chiste desúpeto. Evidentemente non vou seguir co extraterrestre anque eu fixen decote cousas así. No meu primeiro disco tiña a manía de cantar en español, "Ojos Negros", "La Piconera", sen que tivesen nada que ver co fado. As cousas pasan dese xeito, porque hai un momento no que me fan gracia, un entusiasmo repentino.

Unha espontaneidade que non puido ser muita dende que se profe-



sionaliza, no ano 40, para chegar a obter un lugar no Olympia parisino no 56. O aparello comercial debeu ser forte.

Nunca pensei niso, nunca tiven secretario nen axente artístico, a non ser un actor brasileiro que facía de presentador nos espectáculos algo importantes. Aconteceu que fun cantar tres cancións nunha película e delas dúas tiveron éxito, o que se chama éxito: ouvíanse nas máquinas tocadiscos. Por iso fun ao Olympia, sen pensalo nen naide propoñelo antes. No Olympia foi un acontecemento e despois chegaron as casas de discos fortes e a promoción, que xa non me compete, que non son persoa para venderme a min mesma, que nen gusto de andar por aí, que non teño paciencia nen disciplina ¿Coidas que Julio Iglesias estaría agora na cama, conversando?

Non, nen coidamos ouvir decir nunca del, como ouvimos decir de Amalia que é unha forza nacional, porque Amalia viviu épocas mui diferentes e era, como o diríamos, a cantante do salazarismo.

E que antes do 25 de abril nunca pensei nesas cousas. Na miña casa, miña nai, miña aboa —xa ve que eran xente pobre— sempre decían que Salazar era extraordinario. Da

miña nai, que non tiña vintecinco céntimos para facer a sopa, non se pode decir que fora fascista, pero eu de cativa ouvin: Salazar é o que manda, Salazar é o que manda, Salazar é o que manda. Vin a Salazar e gustoume a súa figura, nunca pensei en nada máis e pasei por esa época o mesmo que pola de despois, samente que despois as persoas foron as que cambiaron. Eu non tiña procesos de análise para isto ou para aquilo, de maneira que fun atravesando as épocas. Ninguén se meteu connigo antes, e ninguén, agás tres ou catro persoas, pero nunca oficialmente, se meteu connigo despois... si, houbo boicot na Radio, na TV, pero eu non puido crer que a todos lles gustara Amalia antes e que de súpeto a ninguén lle guste Amalia, unha cousa que inda me fuxe.

¿Non se considera contraditoria?
Non, sinto sempre dacordo conmigo.

Pero cando morreu Salazar envioulle froes e, porén, xa antes do 25 de Abril vostede grabou letras de autores de esquerda, algúns exilados, e con estas cancións prohibidas ganou o "Grand Prix du Disque".

Cantei o que me gustaba. A persoa mesma que me facía a música é de esquerda, andaba con poetas de

esquerda e trouxome letras que me gustaban. Entón, cando estaban prohibidas as cancións de intervención política, eu cantaba a Manuel Alegre, a David Mourao-Ferreira porque eran bonitas, sen ter eu nada que ver coa política. Pero nunca fun timorata e daquela tampouco tiña por qué selo. Por exemplo, se había que grabar un programa para a TV e xa se sabía que un autor(a) iba ser censurado eu non mandaba a ese autor previamente pero cando chegaba á TV cantábao igual. ¿Qué alguén viña a preguntar? Simplemente, eu non sabía que estaba prohibido... nunca entendín porque me era prohibido como non o entendín despois do 25 de Abril. Gústanme as sardiñas asadas como a todos pero hai a quen lle gusta o salmón. Eu coido que hai un sitio para o caviar outro para o salmón e tamén outro para o xurelo.

E a súa comida preferida é o salmón ou é o xurelo?

Francamente, no senso de comida, o xurelo! Agora, no senso da poesía, a do xurelo e a do salmón. A vida ten que ser así. Se unha persoa samente lése grandes poetas, se só cantase grandes poetas, mesmo parecería que non existisen grandes poetas. O Fado é vida, é destino, e eu non puido deixar de cantar os Fados de hai trinta e cinco anos... as persoas teñen a súa historia de amor, os seus costumes, e é natural que lles chegue máis o que aprenden do seu día a día.

Non lle debeu ser doado, como muller, persoalmente, artellar o seu día a día a Amalia ¿non si?

O tipo de comportamento esixido cando eu era moza vaía se era ben diferente! Antigamente unha persoa que, como se di por aquí, enganaba ao marido, era "apedreada" viva... pero mesmo así houbo quen arriscou. É difícil, pero sempre houbo alguén con coraxe. Eu sempre fun algo obediente anque coas miñas dúbidas, esas cousas que non entendía, e o que eu non entendía como malo non estaba mal. É dicir, fun sempre unha persoa independente anque iso non signifique que non teña sufrido con iso.

No seu país unha muller foi 100 días primeira ministra, ¿lembra o Goberno da Pintassilgo?

Non me din muita conta do goberno da Pintassilgo, agora ben, son muller e ¿como non ía a estar ben que unha muller fora primeiro ministro! eu si que non estou feita para primeiro ministro, eu non tería ese dereito, anque, tamén sei que os homes poden facer tantas e máis burradas que as mulleres. Oiga, eu si que, con toda seguridade, non daba para primeiro ministro, penso que en política non se pode ser tan espontánea... ¿sabe unha cousa? Santiago de Compostela, teño un recordo mui lene desa cidade pero até o nome semellame bonito, Santiago de Compostela... ○



Centro Dramático Galego

O día 27 de Marzo de 1984 a Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, fixo pública a súa política teatral para o ano 1984. Política teatral que se estrutura nunha serie de puntos básicos, dos que o primeiro é a "Creación do Centro Dramático Galego". Xa naqueles momentos existía nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia para o exercicio económico de 1984 (posteriormente aprobados polo Parlamento Galego), unha aplicación presupuestaria de VINTE MILLONS DE PTS. co título "Programa para a posta en marcha e desenvolvemento do Centro Dramático". Tamén naqueles momentos estaba elaborado un "proyecto-informe", onde se especificaban as características, prazos, condicións, actividades e presupostos do Programa de Creación do Centro Dramático Galego para o presente ano. Proyecto elaborado polo Departamento de Teatro da Dirección Xeral de Cultura a partir das propostas feitas por un amplo colectivo de profesionais galegos e do análise dos diferentes Centros Dramáticos existentes, adecuando as súas condicións e características as posibilidades presupuestarias e a realidade do movemento teatral galego.

Así o Centro Dramático Galego se configura como unha estrutura alternativa que posibilite a actividade

de teatral profesionalizada, permitindo unha maior inversión económica nos espectáculos, unha maior dotación de equipamento técnico e humano e o desenvolvemento do traballo creativo nun marco de estabilidade que potencie a creación.

O Centro Dramático Galego queda definido como "Un centro artístico técnico para o desenvolvemento da actividade teatral de carácter profesional en Galicia. No dito Centro programáanse os espectáculos teatrais e actividades complementarias, gozando para o logro destes fins de plena autonomía artística e de creación. Poderá contar ca súa propia Compañía ou Compañías e as instalacións e dependencias necesarias para a preparación, ensaio e representación das súas producións.

Corresponde asimismo ao Centro Dramático Galego a produción dos seus propios espectáculos, a coproducción con Compañías alleas a él ou a contratación de espectáculo concretos, o perfeccionamento do personal artístico e técnico a él adscrito e a promoción e difusión dos seus propios espectáculos.

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA:

- Director: Eduardo Alonso.
- Xefe de Producción: Ramón Varela
- Distribución e Difusión: M^a. Cruz Andrade

—Consello Asesor:

- Presidente: Eduardo Alonso
- Secretaria: M^a. Cruz Andrade
- Vocales: Ramón Varela, Xulio Lago, Roberto Vidal Bolaño, Luma Gómez, Xavier R. Lourido, Gonzalo Martín Uriarte.

PRESUPUESTO TOTAL:

20.000.000 de pts. (Vinte millóns de pts.)

ESPECTACULOS PRODUCIDOS E COPRODUCIDOS NA TEMPORADA 84:

(2 producións e 3 coproducións).

PRODUCCIONS DO CENTRO DRAMATICO GALEGO NA TEMPORADA 1984:

"WOYZECK" de Büchner, en versión galega de Manuel Lourenzo.

Woyzeck está considerado un texto clásico do moderno teatro universal e é peza de repertorio nas máis representativas Compañías do mundo. Desta peza fíxose unha ópera e varios films. Será dirixida por Xulio Lago con escenografía de Paco Conesa. Nela interveñen 14 actores e tres técnicos. Os actores proceden das Compañías de Teatro: ARTELLO, TRANCO, ANTROIDO, TROULA, CARITEL, ANDROMENA e MARI-GAILA.

Estrenada o día 23 de Agosto de 1984.

"AGASALLO DE SOMBRAS" de Roberto Vidal Bolaño.

Agasallo de Sombras é unha aproximación ao tempo, a vida, a obra e a personalidade de Rosalía de Castro. E un texto de creación propia, que será dirixido polo seu autor, con escenografía de Ventura Cores e figuríns de Antonio F. Simón. Nela interveñen 15 actores e 3 técnicos. Os actores proceden das Compañías de Teatro: ESCOLA DRAMATICA GALEGA, ANTROIDO, ARTELLO, MARI-GAILA, TROULA, TAGALLO e TRECOLA.

Estreno previsto: O día 2 de Outubro de 1984.

CORPRODUCCIONS DO CDG NA TEMPORADA 1984:

"FESTA RACHADA". Espectáculo de animación e rúa en coproducción ca Compañías TITIRITI, e con dirección de César Lombera, na que interveñen músicos, pasacalles, animación e títeres. E un espectáculo específico para a temporada de vran e de cara, fundamentalmente, ás festas.

Estrenada o día 6 de xullo de 1984.

"INFORME DO DIA DESPOIS", en coproducción ca Compañía TROULA. Espectáculo de investigación sobre o traballo do actor, baseado en textos de Kafka, Calderón de La Barca, Le Fel. Con dirección de Suso Medal e interpretación de Manuel Manquiña.

Estreno previsto: O día 12 de Outubro de 1984.

"FAUSTO: de Goeth con tradución e dramaturxia de Manuel Lourenzo en coproducción ca Compañía LUIS SEOANE. Dirección de Manuel Lourenzo, coreografía de xosé Manuel Rabón e partitura musical de Manuel Balboa. Nela interveñen os actores habituais da Compañía.

Estreno previsto: O día 19 de Outubro de 1984.

Nº TOTAL DE PERSOAS QUE INTERVEÑEN NAS PRODUCCIONS: 43.

Nº TOTAL DE PERSOAS QUE INTERVEÑEN NAS COPRODUCCIONS: 26.

Nº TOTAL DE PERSOAS QUE TRABALLAN EN RELACIÓN CO C.D.G.: 69.

Nº MINIMO DE REPRESENTACIONES POR PRODUCCION ATE O REMATE DO ANO: 40.


Nº MINIMO DE REPRESENTACIONES POR COPRODUCCION ATE O REMATE DO ANO: 15.

Nº TOTAL MINIMO DE REPRESENTACIONES DENDE XULIO ATE NADA: 125.



Nº MINIMO MEDIO DE REPRESENTACIONES AO MES: 20.

Estas representacións estarán subvencionadas pola DIRECCION XERAL DE CULTURA nun 50 % do seu custo global.





Quando eu estava no hospital, lembro-me de ter visto um inseto muito curioso. Era um tipo de formiga, mas não era uma formiga comum. Tinha um corpo muito grande e as pernas eram muito fortes. Eu não sei se era uma espécie nova ou se já existia, mas acho que era muito interessante. Vou tentar descrever o que vi para que vocês possam imaginar.





E, ESPANTOSO! ESTÁ DEVOCIONADA!!
"Si, parece que me ha gustado mucho, pero da miedo que se caiga encima."



O MILITAR ESTÁ ACORDA ACORDA!!
"Caleça!"



ACORDA, COMO TOCO EL PISO DE LA SILLA... NO SEO DELA... ENTON A BARRANTE... SA, POUKI COMPLETAMENTE AO SEU MENTE...
"IMPRESIONANTE!"



E SO JUNTA, MIZONIA, FE... CANTONADA, E QUE CHE... PARECE, SE CHE DIKO... QUE A CORULA DAJA... DUMAS?
"OH!!"



MEN ESTE CANTO... TRAZO... A FEMIA... DE... DENKI... NO INTERDIZ... BEN... MIZONIA... OS... OS... ESTAN EN... BOA... SEM...



POSS-LE POK... ESTE MODO...
"QUE ASPECTO DE ENFATICO TEN!"



PREO COMO O DOMINICO... VEM, SENCO... O FIN... TENO... GAMA... SABELLA... MOU... QUE... SA... SA... SA... HO... DAS... QUE... ESTAN... UNIDOS... ACORDA... SE... PREO... AINDA... NAO... CHEGOU... O MILITAR...



POSS... MIRA... ELAS... TUA... UN... MES... TIEN... A... ESPEREN... MIA... MAS... SENSACIONAL... DA... MIA... MAS... ELA... A... PONTILLO... EN... A... ME... OS... BARRA... PONTILLO... CANDO...



DEL... MENTOU... ME... SUSPICION... VINA... CO... GZEIRO... E... PNL... DO



ENTON... CONDUIHE... TRIANG... ALTO... CHE... LIE... PASADO... NO... T... RAZADO... MAS... VER... EL... ME... MO... WILDO... CONTRA... BELI!



MUDE... SAOZ... AI... ESTE... VENTRE... MOU... POLCO... ME... NORTO... SORBITA...



O... DA... 21... SI... SI... CANTA...



CIANO... RE... ROZAS... APOU... CUNA...
"UNA... KILLER?"



POSS... MIDE... VOSTRE... SORBITA... IA... EU... LO... TRESADO... TRIANGULO... O... OS... A... UNO... COMBOS... TRES... DISCORDIOS...



SI... SORBITA... PREO... NON... EDA... JUNIA... M... LIEG... COMO... AS... RE... MAS... PERO... POR... CASO... COMA... VOSTRE... EDA... CONTRA... COZMA...



...ATA... E... PULCRISIMA... TUA... LUIS... OLOS... REDONDOS... E... GUA... A... FINE... TONICULAR... RESPOS... OS... BOLZOS... TAN... LONGOS... COMO... O... ANTE... (BOLZO)... CUNTA... OS... ENDORES... MAS... CONTRA... A... INTERESTAZA... GUA... LEMBA... UNA... TONICA... VERDE... E... ESPERA... INO... COMO... OREN... ESTE... EN... GAZCON...



TENHO... TUA... E... PULO... SE... NA... PATA... DOS... PÉS... BARRERA... NO... AO... UN... BERTO... HOS... BELL...



EU... SUIN... E... PRECISEI... A... FORÇA... DO... TRESADO...



EU... FOZ... BARRA... E... PENHILE... QUE... ME... EXPLICA... POR... FAVOZ... QUE... FAÇA... MARI... ELA... TANTE... SORBITA... OS... BENTONIS... FAVOZ...



E... TRESADO... PULO... SE... A... TRESA... RESPOS... COI... OS... BARRAS... ES... AZULETOS... LONCOS... COM... DE... UNO... DE... FAVOZ...



AO... FOZO... TENDO... A... ANDE... CEU... ESTE... LINGUATINA... TUA... MIA... LONCATO... MO... TUDO... AO... COORDENAO... DO... TRESADO... E... OBSERVA... NA... UNO... DAVO...



Punto de Partida

Por Miguel Anxo Fernández

REMATARON no Carballiño as "Xornadas de Cine en Galicia". Do 18 ó 25 de agosto, e baixo a responsabilidade do cine clube local co patrocinio e o apoio da Dirección Xeral de Cultura, maila colaboración do concello carballiñés, tentouse de ensaiar un modelo de festa cinematográfica que aínda non existía no ámbito cultural galego.

Unha especial atención o fenómeno vídeo no que dende aquí temos moito que mostrar a vulgar polos éxitos acadados nos recentes festivais de Madrid e San Sebastián, polas obras "Veneno puro" (Xavier F. Vilaverde), e "Denantes" (Manuel Abad), este estrenado nestas Xornadas; xunto a debates teóricos encol desta nova imaxe, con expertos como Xosé Ramón Pérez Ornia, Eugeni Bonet, Xulián Álvarez ou Xulio Pérez Perucha, entre moitos outros, que destacaron en xeral o futuro do vídeo, a liberdade creativa que aportaba, e arremeteron contra a TV. como unha potente besta a quen hai que combatir. A presenza de representantes de Catalunya para expoñer os seus logros no campo do ensino a nivel institucional, xunto á de numerosos directores, produtores e técnicos galegos, fixeron deste ciclo de tres días de duración unha experiencia ata agora única no Estado español, por ser a primeira vez que se xuntan a intercambiar opinións xentes do vídeo distantes xeográficamente. A falla dunha infraestrutura máis sofisticada restou impacto xeral a sección, pero destapouse como unha iniciativa a ter continuidade.

O outro ciclo de intervencións adicouse a debater unha vez máis as relacións do cine e a literatura. Aínda que é un tema de moda, reiteradamente tratado en congresos, festivais, ou encontros, tentouse que dalgún xeito aportara a novidade de debatilo no marco das comunidades autónomas, contando a maiores coa presenza de críticos, directores, e outros escritores. Razóns de forza maior impediron que a representación de Euskadi quedara reducida a presenza do realizador Paco Avizanda, o fallar a escritora e guionista Arantxa Urretavizcaya que houbera avivado a mesa redonda da data de clausura e na que estiveron ademais Jaume Fuster e Roma Guardiet por Catalunya, e Margarita Ledo xunto a Méndez Ferrín por Galicia. A presenza dun director de cine galego con sobrada experiencia en literatura foi totalmente imposible de concertar. Contar coa presenza de Ramón Torrado houbera arroxado moitas luces sobre o mal trato que levaron as letras galegas —e as demais— ata a data no cine español, salvo honrosas excepcións. Os críticos Juan Miguel Company, Enrique Monterde, e Juan Hernández Lez aportaron a súa particular, e case nunca coincidente, visión sobre as relacións deste binomio.

Os directores Antonio Drove, Paulino Viota, e Javier Maqua —tamén moderador—, aplicaron a súa experiencia personal, as veces

calvario, a hora de refrexar textos literarios en imaxes. E para postre a presenza do escritor arxentino Manuel Puig que estivo acompañado na súa intervención por Anxo Rei Ballesteros; foron dúas exposicións radicalmente opostas en estilo. Puig, dominando hábilmente a oratoria déu un repaso total a súa vida de escritor para o cine. Salpicou de anécdotas o que calificou unha carreira de desilusións continuadas. Torre Nilson, Ripstein, e Raúl de la Torre non conseguiron a aprobación do autor as súas adaptacións cinematográficas. A estancia no Carballiño foille particularmente grata por razóns persoais, xa que a súa avoa paterna era de Xurenzás, na comarca do Arenteiro; eso facilitou a súa locuacidade, provocando ademais un gran interese na crítica especializada destacada nas Xornadas. Con Miguel Anxo Murado pechouse a embaixada galega para este ciclo de interesantes intervencións que xunto as provocadas na área vídeo serán editadas proximamente.


O cine artellouse a varias bandas, con especial atención para o portugués e brasileiro, que acadaron un éxito popular que sorprendeu ós propios organizadores. Portugal —que estaba representada tamén cunha exposición adicada o cartelismo cinematográfico facilitada xunto coas películas polo Instituto Português do Cinema— destapouse cun cine sorpresivo pola súa imaxinación, dominio técnico, e propostas plásticas. "Conversa acabada" (João Botelho), provocou o entusiasmo da crítica; "Manha submersa" (Lauro Antonio) sorprendeu pola proximidade da súa historia a realidade galega actual; "Silvestre" (João César Monteiro) derrochou inventiva visual para ese drama do medioevo portugués; o documental político relativo ós momentos que precederon e seguiron a revolución dos caraveles, montado por Rui Simoes, xunto a "Cerromaior" (Luis Felipe Rocha), e a eterna presenza do mestre Manoel de Oliveira coa delicada e sutil historia romántica de "Francisca" completaron un programa para o que os cine clubes galegos —presentes nas Xornadas cunha plenaria da súa Federación— solicitaron maior difusión por Galicia. Brasil tivo un tratamento diferente pola orixe das películas proxectadas que abarcaban dende 1970 a 1981, dando pé a unha visión máis heteroxénea. De todos os xeitos esta cinematografía conta cunha difusión superior á portuguesa, e que non foi atranco para que o público abarrotara as sesións do salón da Casa da Cultura carballiñesa estrenada para esta ocasión, e na que se desenrolaron gran parte dos actos programados. "Eu te amo" e "Tudo Bem", de Arnaldo Jabor; "Sagarana: o duelo" (Paulo Thiago) "Se segura malandro" (Hugo Carvana); "Chuvos de verão" (Carlos Diegues), e "Como era gostoso o meu francés" (Nelson Pereira dos Santos), permitiron percatarse do nivel competitivo acadado polo cine brasileiro, con películas dignas de loitar con calquer produto multinacional no mercado cultural.

As sesións de noite, presumiblemente dirixidas a un público maioritario, formaron o bloque "Festival de Festivais", a base de títulos sinalados en outros festivais pero que aínda estaban inéditos nos circuitos comerciais, ben pola cegatería dos

distribuidores, ou polos seus particulares plantexamentos no mensaxe, na narrativa, ou na estética.

Cine europeo na súa maioría, con tres cintas particularmente destacables: "Brussels by night" (Marc Didden), "Opname" (Erik V. Zuylen, e Maija Kolz), e "La elección de Hanna B" (Károly Makk), por conta de Bélxica, Holanda, e Hungría, unhas cinematografías moi escasas nas pantallas españolas. O alemán Alexander Kluge desconcertou coa fascinante "El poder de los sentimientos". Estas películas deixaron alonxado o interese das arxentinas "Volver" (David Lipszyc), e "Los enemigos" (Eduardo Calcagno); e da australiana "El largo fin de semana" (Colin Eggleston), un terror que se quedou en orixinal e nada máis. A "broma", habitual neste tipo de seccións en todos os festivais, veu da man de Rumanía coa súa "Culminile Curate" (Sergio Nicolaescu), unha cousa semellante a un episodio da televisiva "Los intocables" pero dende unha perspectiva vergoñantemente moralizante. Cine para nenos, e un abanico de cortometraxes españoles completaron a forte ración de celuloide para oito días de proxeccións ininterrompidas. O broche de ouro polo que representa de fito histórico para os audiovisuais no país foi a presentación do primeiro capítulo da serie de T.V.E. "Los gozos y las sombras" doblado o galego, un paso promotor de cara a normalización do idioma a traveso da imaxe.

Con estas "Xornadas de Cine en Galicia" tratábase de chamar a atención da opinión e dos sectores culturais galegos ata un eido tan esquencido como o da imaxe, ofrecendo para elo a posibilidade dunha festa, lonxe de frivolidades e lixeirezas, que servira a xeito de encontro, troco, e disfrute, cun presuposto moi modesto —rondou os cinco millóns de pts.—, e pouco máis de catro meses de preparación. Esta primeira edición demostrou as posibilidades de futuro reais para estas Xornadas, percurando unha fórmula axeitada á realidade cultural de Galicia, que pase pola creación dun Patronato e o apoio de todos os que garden algunha relación coa imaxe, para convertilo en cita obrigada de converxencia para cines de Portugal, Brasil, e Galicia, contando coa nova disciplina do vídeo. A próxima edición neste senso, unha vez superados as naturais fallas de infraestrutura, pode ser unha revelación. ○



Sobre a lei de normalización

Por María Pilar García Negro

A chamada "Lei de Normalización Lingüística" apareceu publicada no "Diario Oficial de Galicia" o 14 de Xullo de 1983. Non sería este, porén, o momento en que se fixo máis coñecida senón algúns meses máis tarde, cando o Goberno español tivo a ben impugnalas nalgúns dos seus artigos que consideraba inconstitucionais; por exemplo, o punto 2 do art. 1 que reza: "Tódolos galegos teñen o deber de coñecerlo e o dereito a usalo" (o galego) e prestouse axiña a denunciado, denuncia que atenta directamente contra a consideración mesma do galego como lingua (do español si figuran como incontestábeis o deber de coñecerlo e o dereito de o usar, e este dereito, presente na Constitución, sempre vai estar por riba do posíbel dereito estatutario ou de calquer outra lei de rango inferior). Como esta, na nosa opinión histórica e por enésima vez agresiva reacción do poder español para co galego pode levar a pensar que, con efecto, esta lei si pode normalizar o galego e, por tanto, resulta ou resultaría perigosa nas súas disposicións para a hexemonia do español na nosa sociedade, cómpre aclarar cal é o seu espírito, cal a súa letra, cales en fin, os seus resultados (estamos a máis dun ano da súa promulgación). Este é o motivo das reflexións que seguen, que non nacen do "non polo non" nen moito menos de sectarismo algun. Queremos, se pudermos, botar algo de luz sobre os termos da lei, remeternos á súa análise e ás súas contradicións e demostrar, por tanto, que non se trata, para comezar, dunha lei que normalice ou se poña en camiño de o facer, senón dunha colección de compensacións e de dereitos individuais que non fixan, reiteramos, nada de verdade normalizador.

O QUE A LEI CONTÉN

Para empezar, a presentación da lei, como de todas as que promulga a Xunta, é bilingüe, o que xa choca co seu primeiro artigo que establece que "O galego é a lingua propia de Galicia", afirmación coa que concordamos plenamente; por tanto, ¿cantas linguas propias ten un país? A seguir, o preámbulo contén unha serie de tópicos sobre a inferioridade do galego (tópicos que non teñen por que non ser verdadeiros) para despois facer a valoración de que a Constitución do '78 fixo posíbel o empezar a recuperar a nosa personalidade. Señores, xa está ben de falsedades. O proceso de recuperación das nosas señas de identidade, da nosa lingua, o proceso de reconstrución da nosa sociedade foi exclusivamente interno á Galiza, e feito desde abaixo. Nacional e popular, por tanto, por moito que estos adxectivos non gosten nada a algúns ouvidos. Nada nos foi concedido, nada nos foi regalado, nada, no fondo, nos foi recoñecido. Os "obséquios" que nos fixeron coas bendicións constitucionais (Decreto de Bilingüismo, por ex.) foron instrumentos represivos que quixeron anular o que, repetimos, desde abaixo e á marxe da lei se tiña conseguido.

Está moi ben que todos os galegos teñamos o deber de coñecer o noso idioma e o dereito de o usar. Díganos como isto se vai conseguir (porque non é unha realidade, non si?) se:

Art. 2º: "Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma";

Art. 4º.2.: "Tamén o é (oficial) o castelán como lingua oficial do Estado";

Art. 8º: "Os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou en castelán. De non haber acordo entre as partes, empregaranse ámbalas dúas linguas".

Coidamos que non é preciso seguir, porque é ben fácil de entender. Se o idioma español está máis que asegurado, avalado e imposto polo Estado e, por riba, as leis autonómicas, en canto de preservar no seu territorio as competencias do galego e para o galego, o que fan é reforzar legalmente a presenza e dereitos do español, daquela xa se nos dirá como se pode reducir a tan cacarexada situación de inferioridade do noso idioma; o español, a maiores da súa hexemonia histórica, contará agora coa protección autonómica... Protección que tamén se di dispensar ao galego. Mais ¿de que maneira? Permitindo que o cidadán utilice un dereito que as autoridades autonómicas son as primeiras en ignorar e desprezar. Non é casual en absoluto que o verbo e o sustantivo máis utilizados cando se fala dos cidadáns sexan, respectivamente, o verbo "poder" e o nome "dereito". De modo e maneira que os cidadáns galegos *podemos* e temos o *dereito* a utilizar o galego. ¡Mádia leva! Así que temos séculos de dominio enriba de nós ("o proceso histórico centralista acentuado no decorrer dos séculos" chámalle a lei); temos capas de poboación desgaleguizadas por mor da pura imposición do español; temos unha Xunta e un Parlamento e demais xa se ve o que promoven e defenden o uso do galego; temos unha profunda alienación idiomática... e, ou, milagre!, os cidadáns imos ser tan conscientes e liberados que imos facer uso dese dereito que agora se nos concede. Claro que ten que existir o dereito, pero se se quer, como se di, recuperar o galego, hai que comezar por establecer as condicións en que este dereito se poda exercer. Díganlles a todas as mulleres de profesión "sus labores" que teñen o dereito a traballar e que poden traballar fóra da súa casa... ¡Vaites, vaites! Den traballo primeiro, para que o pomoso dereito poda ser real. A conciencia dos dereitos non vai nacer por xeración espontánea, despois de anos e anos de seren esmagados.

Tamén non é casualidade que o verbo máis empregado cando se fala da Xunta sexa o verbo "promover". A nosa ignorancia xurídica é enorme; ora: ¿non ten que ser unha lei, calquer lei, o máis clara e precisa posíbel para garantir a eficacia da súa aplicación? ¿Que pasaría se as autoridades do tráfico rodado promovesen circular pola dereita e nos dixesen que os cidadáns podíamos circular pola esquerda? O caos. Pois ben. Unha lei que se pretenda normalizadora do galego ten que ir fixando posicións a prol deste e ir executando os necesarios cambios lingüísticos de español a galego; con todos os prazos legais, con todos os considerandos, con todos os miramentos que se quixer, pero con claridade. ¿Que poñamos exemplos?: 1º Fica legalizado o uso do galego, en calquer lugar, papel ou ocasión. 2º Os poderes públicos galegos usarán o galego e só o galego. 3º Galeguizarase paulatinamente a administración de xusticia, o ensino, etc. 4º Criadense órganos de comunicación exclusivamente en galego. Etcétera. Isto non é máis que posibilismo, non é nengunha "anacrónica" radicalidade. Posibilismo puro, que ten en conta que o español está presente na vida pública e privada dos galegos, pero, naturalmente, que establece uns mínimos legais, executivos, ope-

rativos, sobre a base de que o galego é, con efecto, a lingua propia da Galiza e cómpre restaurala e camiñar —dando pasos, pequenos ou grandes, pero pasos— cara a súa recuperación como tal. Pois ben, de novo: o único claro e preciso, o único lugar en que figura en exclusiva o galego, en que se lle permite camiñar sen a muleta do español na lei é no art. 10.1. que establece que "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega". Faltaría máis, claro, porque é a única forma que teñen, non a única que se escolle. Os "Arteijo", "Fuente Cubierta" ou "Meijomín" non son nen galegos nen sequer españois; son puras barbarizacións do galego orixinal. De paso, que se nos explique como nen sequer isto se realizou; que se nos explique como aparecen nas estradas rótulos —novos do trinque— con nomes como "Teijeiro" e "Sobrado de los Monjes" ou "Vijoy"; ¿seica a comisión correspondente non chegou ás derradeiras letras do alfabeto?...

Despois disto, ¿que valor lle podemos dar a que se diga que se ponderará como "mérito preferente" o coñecemento do idioma galego en concursos e oposicións (¿por que non lle dirán a un parisino ou a un madrileño que se lles ponderará como mérito preferente o coñecemento do francés ou do español, respectivamente?) ou a que o galego será a "Lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma"? ¿Ulos? Despois disto, ¿por que se critica a Fernández Albor por "responder en castelano al alcalde de La Coruña" (citamos da prensa), cando llo permite perfectamente a lei (art. 4.2)?

En suma, trátase de practicar constantemente a oración adversativa continuada: o galego é a lingua propia da Galiza, pero tamén o é o español; o galego é oficial (?) pero tamén o é o español; os papeis oficiais faranse en galego (aínda está por ver) pero tamén en español; o galego será asignatura, pero non vale para todo o ensino... Pero...

O DEBATE DA LEI

Nada disto pareceu importar aos señores deputados do Parlamento galego que, reunidos en sesión plenaria o 15 de Xuño de 1983 aprobaron por unanimidade (subliñamos: por unanimidade —AP, UCD, PSOE, PCG, EG—; o BNG-PSG, obviamente, ao estaren expulsos do Parlamento os seus deputados, non puido nen discutila e, precisamente, a expulsión produciuse no mesmo día en que tiña lugar a entrada da proposición de lei deste grupo sobre normalización lingüística; insistimos: por unanimidade; non é, por tanto, a lei de normalización "da Xunta de AP") a proposición de lei de normalización lingüística. O ano 1983 tivo, de certo, dous "Días das Letras Galegas". Un, o consabido 17 de Maio; outro, este 15 de Xuño. E así pudemos ouvir, ou ler, toda esa fraseoloxía finchada, no máis puro estilo da retórica compensatoria, sobre a lingua e as súas bondades con que un día ou dous ao ano nos obséquia o oficialismo e o españolismo nun a cada paso máis grotesco espectáculo de hipocresía e de falsedade polo divórcio abismal que entre as súas palabras e os seus feitos existe. As diferentes intervencións dos grupos parlamentarios, através dos seus portavoces, fixeron alarde nesta ocasión das máis ardentes declaracións de amor á lingua galega, máis

traxicómicas, se cabe, en boca de quen non lle garda nen a máis mínima lealdade. Así, calificouse esta lei de "entrañable" (¿que boa análise merecería este adxectivo!: o "entrañable", como o vernáculo, é, ao cabo, o perfectamente subordinado e prescindíbel). Non houbo reparo en definir a lingua coas máis altas e contundentes afirmacións. Léase, se non: a lingua é "a expresión viva da personalidade colectiva" e a súa normalización representa "un paso decisivo na afirmación da nosa propia identidade"; o galego é "lingua nacional de Galicia" e merece "un trato privilexiado"; a súa normalización implica "o seu uso pleno en tódolos ámbitos da vida pública, oficial e non oficial" e, por isto, "é a Administración quen ten que adaptar a lingua á dos administrados e non ó revés". Item máis: a lingua é "entre os lazos comunais con que contamos (...) o máis fondo, é o que os galegos nos une con máis forza"; é "a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade".

Esta ristra de afirmacións —ás que non pomos obxección nengunha— ¿non fará enrubiar aos seus autores só con ollaren para o seu labor a prol de facer certas estas aseveracións, de que teñan por tanto algún sentido real e non sexan un "desideratum" ou só con ollaren para a súa práctica lingüística cotidiana? Mais... ¿que inxenuidade de pregunta! Porque, de por parte, non se magnifica unicamente o obxecto da lei, a lingua, senón a lei mesma, que vai rematar coa situación "anómala" do galego; os seus autores, "por azar histórico", van ser os que "lle devolvamos, co noso voto, a plenitude de dereitos á nosa lingua"; ela "adquire xa non só a cooficialidade en pé de igualdade co castelán, senón que ademais (a lei) establece as canles para que, en pouco tempo, o galego sexa a lingua habitual nas nosas relacións cotiás, nas nosas relacións sociais e nas nosas relacións administrativas". Compárese este suposto catálogo de bondades da lei cos seus resultados ou coa súa aplicación, máis dun ano despois —reiteramos— da súa promulgación. O "exame de conciencia" está claro que non entra nos plans de nengun destes lexisladores ou políticos. O que si traslociron nalgún caso foi a súa má conciencia, má conciencia derivada, obviamente, da falsedade de fondo que a lei encerra, do desfase inconmensurable entre a letra e o espírito da lei. Así, tamén se dixo que era "unha lei que deixa moitas portas abertas, moitos camiños abertos, camiños que se poden encher de formas moi diversas", o que delata decontado que non é boa lei, se é que deixa esa marxe á ambigüidade, á equivocidade ou a unha maior ou menor contundencia na aplicación. Ou ponderouse que non sería extraño que "esta lei teña moitos problemas para a súa aplicación", comezando, dicemos nós, porque os propios deputados que a elaboraron e a aprobaron non cren nen na cuarta parte do que din e, se cren, a disociación entre as súas declaracións verbais e a súa práctica é abismal, desde logo.

Ora, aínda a lei tiña unha última bondade que é preciso reseñar, porque tamén delata ás claras o espírito e as intencións dos que a fixeron e lle deron o si. Antes, noutroza, "o galego utilizouse como arma reivindicativa, como arma de choque, de combate"; hoxe, en cambio, "o galego non é patrimonio da forza política A ou da forza política B; o galego é

patrimonio dun pobo e tódolos representantes dese pobo deben defende-lo seu patrimonio". Nesta liña, todos os grupos parlamentarios salientaron a bondade do consenso que arroupou a presentación desta lei, co cal —agora os inxenuos son eles— a "cuestión da lingua" deixaría de ter lume; deixaría de incorriar os de sempre e o conflito morrería. Pois ben, a realidade —unha vez consumado o consenso e "atada e ben atada" a lei— segue a demostrar que a lingua e o seu uso son cuestións problemáticas, que por parte dos lexisladores-gobernantes non se fai nada de entidade a prol do seu avance e difusión, que, en fin, pámonos, seguen a permitirse (atención: e a canalizarse administrativamente) denuncias e intentos de represión do uso do galego. Nestas estamos.

Mais, coñecendo as intencións de enterramento do problema galego (¿que axiña se esquece que se o galego continua vivo —vivo de verdade, non vexetativamente— é precisamente porque se sacou, conflictivamente, a flote!), xa non nos vai a estrañar ler que o sr. Díaz, do PSOE (o mesmo PSOE que no Goberno español impugnou varios artigos desta lei) dixese que "o meu Grupo Parlamentario respálda (esta lei) sen vacilacións de ningún tipo" ou que o sr. Nogueira, de EG recoñeza que "hai unha parte de Galicia que terá que recibi-lo seu ensino tendo o castelán como lingua materna", o cal, de ser certo, esfarelaria calquer tentativa séria de normalizar o galego, ou que denuncie como un dos farallóns que cómpre salvar o "sectarismo"; ¿de quen?, preguntámonos. ¿Quen é o que mantén unha actitude sectaria verbo do galego? ¿Os que o usan e defenden ou os que, por riba de non o usar, aínda o reprimen?

Non deixa de ser curioso que, despois de tanta faramalla retórica supostamente a favor do galego, despois de tanta magnificación da propia lei, tivese que ser o representante de AP e, por tanto, membro do Goberno da Xunta, o que puxese os pes no chan para lembrar que a lei era só iso, unha lei do Parlamento, para proclamar a súa relatividade e para afirmar que o que viña facer non era "insuflarlle uns novos alentos ó galego, que xa están aí" senón "recoñecer unha realidade existente, a realidade fundamental do galego". Claro está que, por tras desta lección de realismo, deste descenso das nubes do idealismo compensador e camuflador á terra dura da realidade, non hai vontade realmente clarificadora de situar correctamente o problema do idioma e de porse a remedialo, senón, simplemente, unha chamada de atención (gubernamental, de por parte), unha advertencia sobre o que era a propia lei e o que ia ser a súa aplicación. De certo, se alguén no debate non lembrase que "... non nos imos atopar á saída de aquí, unha vez que todos votemos (...) cunha situación automaticamente cambiada, senón cun longo camiño por percorrer", se cadra había incautos que crian que si todo o problema da saúde do galego xa ficaba convenientemente arranxado. É curioso que tivese que ser o mesmo sr. Barreiro o que lamentase as competencias restritivas dunha lei como esta que nen de lonxe chega a todo o aparato administrativo-político do Estado español, en todas as súas extensións. Dito coas súas palabras: "Non varía nada porque aprobemos esta lei". Pero, no entanto, dicemos nós, pode, como outros mecanismos legais xa ensaiados, criar a ilusión (¿en quen?) de que se goberna, de

n lingüística

que se legisla, de que se fai algo (¿ulo?) sério e proveitoso para o galego.

En resumo, e despois desta excursión parlamentaria, o que pensamos é que:

1º. A impugnación dos artigos da Lei polo Goberno español non fai máis ca reforzar —que non descubrir— a agresividade, depurada e actualizada, dunha política secularmente hostil ao recoñecemento —xa non promoción nen defensa— do que non é español, en simetria con outras hostilidades (económicas, políticas) ben visíbeis de todos nós hoxe. O idioma é, a estes efectos, espello óptimo para analizarmos outras agresións.

2º. Á Lei caille totalmente ancha a etiqueta de normalización. O seu espírito, como tentámos demostrar, non é tal, e non por unha cuestión de

máis ou menos atribucións, ou de imperfeccións técnicas ou de vontade política de aplicación, senón por unha carencia de raíz: non se trata de dar dereitos e de promover iniciativas; trátase de dar unha *pauta galeguizadora*, desde a lei, desde a Administración, para que os administrados nos podamos sentir resguardados legalmente nos nosos dereitos ou animados a exercelos. Chámese, por tanto, lei de constatacións ou catálogo de dereitos...

3º. A Lei é un carro auto-freado. Se se reconece a inferioridade do galego con cópia de datos histórico-sociolóxicos, ¿como se pode despois garantir “a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia”, se aquel está claramente en situación inferior? ¿Como facer competir na mesma carreira un individuo doente e un totalmente san?

4º. Hai, en fin, matices insalvabeis. Unha cosa é xogar ao realismo, tomar en consideración as circunstancias lingüísticas actuais, non facer castelos no ar, tentar galeguizar paulatinamente. Unha outra cousa é estancarse na entrada do proceso, continuar dando bazas ao español, predicar unha igualdade de oportunidades de uso que nega a máis superficial ollada á nosa realidade idiomática.

OS FILLOS DA LEI

E, despois da lei, comencan a aparecer os fillos, as pólas da árbore. E un deles, importante pola actividade a que se refere, é o Decreto 135/1983, aparecido no D.O.G. o 17 de Setembro de 1983, que desenvolve a lei para o ensino. Vexamos o que tal decreto contén:

1º. Identifica ou reduce a normalización do idioma á súa asignaturización, á súa presenza no ensino, unha presenza nen sequer homologada co resto das asignaturas do escolar, unha asignatura da que resulta máis doado eximirse que da Educación Física, por citar unha materia onde se contemplan as exencións; unha, en fin, “estranxeira na súa pátria”...

2º. Pon o freo ao emprego do galego en determinadas asignaturas, cunha marxe á ambigüidade que non se aclara a prol de que se usará. Porque un artigo como o 2.1. deste decreto que di: “Nas clases de Lingua e Literatura galegas, e Lingua e Literatura castelás, usarase respectivamente o galego e o castelán, sen máis excepcións que as esixidas pola

propia eficacia do ensino”, ¿está pensado para tolerar as clases de galego en español (que as hai e ben delas) ou para “permitir” e fomentar as clases en galego da lingua e literatura españolas, que sempre, en calquer caso, galeguizarán o ensino?

3º. A presenza do galego no ensino como lingua veicular aparece no decreto condicionada a factores como a “lingua materna predominante entre os alumnos”, o “equilibrio na utilización dun e doutro idioma” e, mesmo, as “circunstancias sociais e familiares dos alumnos”. Vexamos. Se a hipótese da lingua materna fose certa e acreditásemos nela, ficarían pechadas as posibilidades de integración no galego, na tantas veces chamada “lingua propia” do país, para ¿cantos alumnos?; ¿como se xustificaria tal separación do alumnado en galego-falantes e español-falantes?; ¿con que criterios?; ¿quen, espontaneamente, ia querer ser catalogado como galego-falante se o español continua a ser mantido como idioma ascendente e superior?; ¿que fronteira terrible non se erguería na sociedade galega con semellante procedemento?; ¿como casa isto coas afervoradas declaracións (lembramos o debate da lei comentado) de que o galego era patrimonio de *todo* o pobo galego?; ¿cal pobo?, ¿o que se quer condenar a desaparecer? E é que tal hipótese da “lingua materna” é falsa de raíz. Non vale para unha sociedade homoxénea lingüísticamente, onde a lingua non lle ven ao neno da nai senón do entorno, e moito menos vale na nosa sociedade, onde hai cruce de dúas linguas, disfuncionalidade manifiesta en detrimento dunha delas e onde, en calquer caso, os números cantan a favor de que son maioría os que falan galego e totalidade os que o entenden. Se isto é así, ¿como aínda se pode seguir predicando o “equilibrio” entre os dous idiomas, se este, cualitativamente falando, está rompido en beneficio do español?

Só nos resta apuntar, como derradeira ilustración sobre este decreto un dato elocuente: dos quince puntos ou parágrafos que teñen os oito artigos e a disposición transitoria, sete adicanse a falar da dispensa da obrigatoriedade do estudo do galego. Así si que se galeguiza... Frente a todo isto, cómpre proclamar que, só cunha práctica lingüística galega por parte do profesor, o alumno poderá estar en condicións de se familiarizar co idioma do país; cómpre lembrar que habería que comezar por legalizar este uso en profesores e alumnos; por suposto, tamén por promover e ampliar ao maior número de profesores de todas as materias, establecendo prazos prudentes, mais efectivos, de galeguización; compria, en definitiva, unha moí outra vontade política da que hoxe hai nas autoridades autonómicas e na mesma autonomía e non ese teimoso empeño en distrair a atención do problema fundamental —a galeguización real desta área— con cursos, sobrecursos e paracursos de iniciación, perfeccionamento e non sabemos que máis degraus, onde parece que hai que render culto á deusa Ortografía, en vez de aclarar de que vai o problema...

FIN

Seguimos como antes. A galeguización real continúa facendo desde abaixo e á marxe da lei. Non é un desexo nen un pronóstico. É, hoxe por hoxe, un feito. Ah!, e unha invitación ao lector: convidámolo a reler o 17 de Maio de 1985 a prensa diaria do 17 de Maio de 1984. Non queremos adiantar conclusións. ○



Fragmento dunha

(Datada no 29 marzal do 1959)

O 10 de xaneiro de 1985 vanse cumprir vintecinco anos da morte de Xohán Casal. Coa publicación deste texto inédito, unha carta de Xohán Casal ao seu irmán, ao seu camarada Reimundo Patiño meses antes de morrer, ESCRITA trae ás súas páxinas un dos persoaxes máis da nosa época que tivo Galicia. Home de vangarda pola súa solidariedade, pola súa conciencia creativa, polo valor do íntimo, desapareceu sen que ningún dos seus escritos foran publicados. Pasados os anos máis duros, Edicións Do Castro sacaría a recolla O Camiño de Abaixo, que ha ser reeditada coincidindo cos actos de homaxe que diferentes asociacións e entidades preparan para o vindeiro mes de xaneiro na cidade de A Coruña. Xohán Casal, intelectual que escribiu para facelo en galego, como os millores da súa xeneración, que reflexionou, nos anos cincuenta, sobre cuestións como a arte e o compromiso político, retorna hoxe a traveso deste documento, verdadeira declaración de principios, alongando a acción cultural en Galicia.

TAMPOUCO estudei neste curso, nin traballei, non fixen mais que arelar o infindo mesmo. Vivía —iso si— o meu primeiro amor cunha forza inxel e terrible. Aper-tei nos meus brazos a muller e o sono. Co presentimento anguriado dun afastamento provocado pola realidade. Mais sempre —malia a treboada bouradoura que deixou o meu mundo feito ruiñas e cinzas— cun renovado sentimento da Terra —forza enxebre e infinda— que fai camiñar ergueito sempre ó galego cara ó Fadal, ó Infindo, á Morte, coma un poderoso cón indestrutíbel. Hoxe, logo de tomar conta do mundo, podo escribirche con certa tranquilidade e tratar de levarche a forza que sempre aniñou no meu espírito e que xunguiunos a cotío.

Si non o houbera escrito xa Dickens gostariame facer un libro que se chamara "The battle of life"— eu farei o relato da vida cotián e incesante pola supervivencia dos sonos. Os sonos, os primeiros sonos de virxindade, de amor, de ledicia, de candor e desinterés non se poden treccioar. Os longos paseos ca moza cabo do mar. O primeiro bico, o arrecendor dos cabelos, non poden morrer ca realidade. Inantes eu ficaria morto na Terra-dos-Sonos. O contrario sería unha estafe, F. habería estafedo a miña ilusión, á sociedade e ós meus sonos. Deus estafería á miña alma, Galiza a miña entrega, i eu —renarte podre coma Pilatos— estafariame a min mesmo estafando ó mundo nunhas gargallada criminal.

Cecais deberiache contar todo canto me pasou derradeiramente, mais prefiro decircho cando voltas. Sómentes falarei agora das ideas meramente "literarias" que os feitos acordaron en min. Todo o prologo devanceiro é parte dunha carta que non che mando por ser perxudicial pra os dous e na que narra o día de vento e tolemia no que loitei ca morte toda unha noite de lua mollada —unha lua inmensa e marela chea de froalla e choiva— envenenado nun monte, escoitando o boureo sen cabo do mar.

Toda a cuestión de asuntos léxicos encol do asunto deixolla á miña familia, e coído que ti non quererás virme dando consellos razonabeis coa conducta nin dándome folgos. A vida de cada un é un misterio fondo e indescifrábel que pertence caseque por inteiro i escrusivamente a cada quén, sin que naide poida xuzgar os feitos aparentemente tolos ou estúpidos. Certamente soio interesa pola derradeira o que isa vida nos deixa coma produto. E un lixiño de poesía ten de ser zugado de centos de días e sofrimentos certos.

A novela miña debe de ter de agora en adiante un dobre fin ou fondo. Amosrar a realidade e a súa superioridade sobor do que a maoria da xente chama real.

A verdadeira realidade decorre como un canle poético por baixo, xa non na tona, senón na carne mesma da vida. Hai coma un almacén de sonos que un debe ceibar. Cheguei —por outro roteiro— ás teorías que ti traguias sobor do subconsciente cando ti viñeches.

Pasei unha noite enteira nun campo galego inconsciente por efecto dun forte soporifero pro sentindo o río do meu verdadeiro xeito de ser —ó non ter vontade coscente—. Así foi posíbel a —inespricábel— comunión ca Terra Galega.

Ti ben sabes a manía da miña cobardia. Pois a carón da morte desapareceu todo madeo —ou mellor non apareceu—, en troques sentín sensacións presentidas denantes, pro que agora medraron sin mancamento algún na canle da miña i-alma. Por exemplo o mar. O longo, infindo, misterioso rosmar do mar galego, coma un chamado. Eu deitado na herba do Portiño —no montó do Portiño— baixo da choiva mesta, ollando prá lua. ¿Era todo un sono:

a morte, a vida, o amor, o feito de estar alí, a lua cecais a lua era o sono, o máis incomprénsíbel i estrano de todos. ¿Estaba eu na miña casa no coarto da musica rematando de ouvir un concerto e pillarame o soño ou cecais deixara tombzr naquíl mesmo intre, —esbarrando no chan— o libro galego das verbas retorneada?. ¿Era todo un sono?. A lua, a choiva, a situación, a morte, mesturada cos meus cabelos sobor da herba, as illas que flotaban varadas na xerfa coma naos infindas, o solermiño camiñar do vento polas herbas... o rouco falar do mar? ¡O Mar! Canto mar leva dentro de si un galego! Na noite cando perdes a consciencia de ti mesmo levado polo soño o mar entra i enche o teu mundo coma si entrara a idoiros por un burato.

A tua i-alma mesturase co mar —¿É xa ela mar? Sinteste levado polo seu falar que vai enchendo todo canto eisiste. Os bruidos amingoa ou morren, sómentes o mar medra, e medra, e vaise facendo máis témero. Ó cabo ficas ti i o mar. Ollaste a ti mesmo tencionado erguerte —malia o sopor e a morte— no curuto do monte. Ollaste espido envolto na xiada. Sintes coma o teu corpo afundese e faise un ca Terra. Desfais, medra en raigañas, alongase por baixo dos terróns, faise pedra, agarda enguruñado o seu abrochar en frol de inverno. Sinteste mesturar ca terra aspra e donda. Xa non es ti. Os mortos veñen coma o camiñar da i-auga sobor o valado de pedras que tes perto da testa e no que escoitas o seu bruir pingando. Máis no meio de todo xurde en ti a arela de loitar pola vida e desenrolas unha bataia xamais presentida por ela. Tes antos dedos a face da tua amada —cas letras que ela escrebeu na súa man: M.A. er-gueste e caes no chan, arrincas cos dedos todolos cordóns os zapatos por mor de voltar a metelos de novo, percuras a quentura da muradela de pedras, sintes o sangue que enche a tua fronte —caiches riba das pedras— e os ollos. A morte abraza-te cunha aperta xiada, queres facer unha casa cas pedras do balado i estar alí dentro durmindo namentras escoitas o bruar do mar— que xa amarás sempre. O vento enche o canle longo e vuogo dos teus osos, escoitas o mar na noite! É un rosmar infindo que enche a tua vontade. Ti



Escrita/Documento

Documento 1º encontro de escritores de Galiza Euskalerrria e Países Cataláns. 22-23-24 Xuño 1984. Barcelona-Sitges-Poblet.

PONÉNCIA 1.

RELACIÓNS E ARTICULACIÓN ENTRE AS ASOCIACIÓNS DE ESCRITORES DE GALIZA, EUSKALERRRIA E PAÍSES CATALÁNS.

Os escritores reunidos na ponencia 1 afirman que son escritores galegos, bascos e cataláns aqueles que utilicen como instrumento de creación as súas respectivas linguas galega, euskara e catalá. Tamén constatamos a diversidade das nosas problemáticas, ao tempo que podemos comprobar que os nosos problemas comúns proveñen de:

a) A anormalidade, tanto a nivel social como institucional, das nosas respectivas linguas: galega, euskara e catalá.

b) Un proceso histórico baseado nunha vontade de xenocidio cultural co que aínda defrontamos.

Diante desta situación propomos levar a termo as seguintes accións:

a) Exixir ás institucións de Galiza, Euskalerrria e Países Cataláns:

1) Apoio e potenciación, sen condicións e en liberdade, de todas aquelas actividades creativas que nos veiculen a través das nosas linguas respectivas.

2) Para conseguilo, o compromiso de crear a infraestrutura cultural necesaria en todos os ámbitos e organismos representativos que garantan o funcionamento pleno e continuado, sen dirixismos, do feito cultural.

3) Como entidades de servizo público que son, as institucións teñen que prover o financiamento de: — contactos entre escritores das tres linguas.

— traducións, becas, e a creación dun anuario trinacional que exprese a dinámica cultural de Galiza, Euskalerrria e Países Cataláns.

b) Exixir a presenza das nosas respectivas literaturas nos medios de comunicación.

c) Reclamamos, alén diso, o establecemento de convénios culturais entre os respectivos gobernos autónomos e as outras institucións.

d) Perante das institucións estatais exiximos:

1) Un trato de igualdade para as nosas linguas, culturas e escritores.

2) O recoñecemento das nosas asociacións como interlocutores para as cuestións profesionais que nos afecten.

3) A libre circulación dos produtos culturais dentro do mesmo ámbito lingüístico, por cima das fronteiras políticas.

O obxecto das nosas reivindicacións é o acceso de todos á produción cultural, sen discriminacións de ningunha clase.

Finalmente, denunciaremos as seguintes situacións:

—O non recoñecemento oficial da catalanidade lingüística propia dos valencianos.

—O isolamento persoal e cultural do escritor basco Joseba Sarrionaindia, encadeado en Herrera de la Mancha.

—A manipulación política que fará o Parlamento Galego co retorno dos restos mortais de Castelao.

—A represión que sofre a profesora Pilar García Negro por impartir as súas clases en galego nun centro estatal.

—No caso galego, á marxe da política lingüística que exista en cada momento, reclamamos que se garante a promoción das obras de creación, sexa cal for a súa opción normativa.

PONÉNCIA 2.

PROXECCIÓN INTERNACIONAL DAS LITERATURAS BASCA, GALEGA E CATALÁ.

A ponencia 2 acorda presentar á assemblea os puntos seguintes:

1) Propugnar e preparar un próximo encontro de literaturas de ámbito restrinxido, con especial atención a aquelas culturas non normalizadas.

2) Como base de partida, propiciar desde as nosas asociacións traducións recíprocas das tres literaturas representadas neste encontro.

3) Criar comisións entre as tres asociacións para potenciar unha maior proxección exterior das nosas respectivas literaturas.

4) Pedir ás respectivas institucións autonómicas que exixan do goberno do Estado (estados francés e español nos casos do basco e do catalán) unha auténtica proxección exterior de pluralidade literaria e cultural.

5) Exixir do Estado español as cátedras universitarias de lingua e literatura basca, galega e catalá, alén do propio dominio lingüístico.

6) Exixir, como contribuíntes do Estado español, unha maior proporcionalidade en relación ás nosas linguas no que atinxe á concesión de becas e axudas á creación literaria.

7) Estabelecer un compromiso entre as tres asociacións para a tradución recíproca anual das obras máis representativas das tres literaturas.

8) Exixir e potenciar unha maior información da actividade cultural dos nosos países nos medios de comunicación.

PONÉNCIA 3.

LITERATURA E NACIÓN.

1. *Qué entendemos por literatura nacionais.*

En primeiro lugar cumpre dicir que a literatura nacional é aquela que se expresa na lingua propia e

non nas linguas impostas polos estados que nos dominan, isto é, na lingua historicamente xerada polo pobo que actualmente habita nos seguintes territorios: Países Cataláns (Principat, País Valenciá, Les illes, Catalunya Nord, Andorra e l'Alguer), Euskalerrria (Nafarroa, Behe-Nafarroa, Laburdi, Zuberoa, Guipuzcoa, Bizcaia e Araba) e Galiza, nación esta última que participa da superior unidade lingüística e cultural galego-portuguesa.

2. *Ensin e medios de comunicación.*

E evidente que unha lingua e unha literatura non conseguen a normalización e a plenitude —mesmo periga a súa subsistencia— se non se plantexa o verdadeiro problema de fondo: o ensino e os medios de comunicación. Ensino e medios de comunicación que se han de orientar a facer desaparecer o bilingüismo —e a consecuencia deste, a diglósia— e que deben tender á consecución de sociedades nacionais monolingües e non dependentes culturalmente.

3. *O sentido universal das literaturas nacionais.*

Temos que facer evidente o noso rexeitamento da marxinação que se ten feito das nosas literaturas, tan típica do imperialismo colonizador. Isto traduciu-se nun menosprezo e nunha desvalorización, desde a perspectiva da literatura na lingua oficial de todo o Estado. Tense intentado misturar —aínda que non se conseguiu— a calidade literaria coa cantidade, de maneira que as nosas literaturas, que son de ámbito restrinxido —mas non minoritarias en cada un dos territorios/nacións— son desvalorizadas e consideradas de segunda categoría pola cultura oficial do Estado, a excepción da situación especialmente dramática de Euskalerrria, onde, aínda que a opresión é semllante á que sofren as outras dúas nacións, as características específicas da lingua teñen producido uns estragos e uns efectos devastadores que fan temer seriamente pola súa supervivencia a curto prazo.

4. *Relacións entre as literaturas en lingua non española do Estado.*

Queremos patentear a importancia de todo xénero de iniciativas que fomenten a relación entre as literaturas basca, galega e catalá, así como a amizade entre os tres pobos.

5. *Literatura, nación e Constitución.*

Partindo do feito de que a meirante parte, tanto demográfica como xeográfica, dos Países Cataláns e de Euskalerrria, e a totalidade de Galiza, están debaixo do dominio do Estado español, venímo-nos obrigados a precisar até que punto se nos ten dificultado a recuperación e a normalización das nosas linguas e literaturas respectivas.

Neste sentido, e partindo da base de que a plenitude da literatura pasa pola recuperación da lingua, observamos que esta non é garantizada pola Constitución española, por canto é fundamentalmente discriminatória, xa que o idioma español está revestido de obrigatoriedade e dereito fundamental, mentres que ás nosas linguas nacionais só se lles atribúen uns dereitos que, na práctica, en non poucas ocasións, son reprimidos e, en outros moitos casos, radicalmente rexeitados.

A normalización —relación plena entre feito literario e sociedade— das literaturas e das linguas das nosas nacións só será posíbel se cada unha destas nacións se constitui en estado integramente soberano.

PONÉNCIA 4.

PROBLEMÁTICA PROFESIONAL DO ESCRITOR NUNHA LINGUA DE ÁMBITO RESTRINXIDO.

Conclusiones:

1. Constatamos o cambio producido, en algunhas literaturas máis que en outras, nas motivacións ou impulsos que levan á escrita. As razóns patrióticas non son xa unha das cousas fundamentais da escolla, ao ter-se producido unha canalización destas vocacións cara actividades políticas. Aumenta, pois, o número de escritores por motivacións estritamente literarias ou profesionais, o que plantexa como máis urxente a resolución da problemática especificamente laboral do escritor.

2. O aumento de posibilidades de profesionalización que se está a producir nos nosos ámbitos culturais. Ao tradicional plantexamento de resolver as necesidades económicas através, por exemplo, do ensino, están-se engadindo ultimamente outras vías máis achegadas ao labor específico do escritor ou, tamén, traballos específicos do escritor ou da escrita, aínda que non sexan estritamente de creación literaria ou de literatura de ficción.

3. Os avances da normalización do uso da lingua, apesar de estar aínda lonxe dos mínimos que permitirían falar de auténtica normalización dunha cultura, deseñan novas perspectivas nas que os plantexamentos puramente profesionais ou técnicos crecen e trazan novas perspectivas de acción colectivos profesionais e, en concreto, nas Asociacións de Escritores.

4. A normativización, xa conseguida por cataláns e bascos, provoca aínda algúns problemas (manobras segregacionistas por parte de sectores marxinais valencianos, reticencias na imposición da norma "batua" en Euskalerrria). No que fai ao caso galego, a imposición por parte da Xun-

ta de Galiza dunha normativa que non conta, nen con moito, cun consenso ou aceptación maioritaria por parte dos escritores e outros profesionais da cultura, está xerando graves tensións e ocasiona o perigo de que se produzan discriminacións de todo tipo para quen non aceiten a normativa que foi imposta.

5. A ampliación de opcións profesionais xerada recentemente, que permite que o "segundo oficio" do escritor estexa cada vez máis próximo á súa especificidade creativa, ou, mesmo, que sexa unha manifestación da escrita, provoca problemas até agora inéditos ou residuais na defensa dos dereitos profesionais e laborais dos escritores.

6. Cumpre reivindicar con urxencia unha maior presenza dos escritores nos medios de comunicación, tanto no que atinxe á difusión da súa obra literaria como á inclusión do seu traballo na programación de aqueles. Neste aspecto cumpre potenciar moito a prensa e os medios audiovisuais nas nosas linguas, en clara inferioridade aínda a respecto do castellano, e acentuar a presenza dos escritores na súa elaboración. Ao mesmo tempo, instar aos responsables destes medios a que esquezan a mentalidade que os fai considerar o labor dos escritores como unha contribución patriótica ou promocional gratuita.

7. Cumpre reivindicar, unha vez máis, diante das instancias do Goberno central, que o Estado asuma de verdade a pluralidade lingüística de este Estado, recoñecida na Constitución e que, como consecuencia, desenvolva a promoción axeitada dos valores literarios e culturais das linguas no castellanas, tanto na difusión internacional como na convocatoria de becas de axuda á creación, premios "nacionais", publicacións, etc.

8. Plantexar, tamén por enésima vez, obrigatoriedade dun contrato que regule toda relación editorial entre un autor e un editor, sen prefigurar necesariamente o contido da citada relación contractual. A importancia desta medida só terá operatividade, porén, se se instauran mecanismos de control de tiraxes e se as "axudas xenéricas" que as institucións comencian a proxectar sobre a edición están condicionadas á liquidación regular dos dereitos de autor correspondentes.

9. Exixir que na discusión da Lei de Propriedade Intelectual, a Lei do Libro e outras iniciativas semellantes, as Asociacións representativas dos escritores en linguas non castellanas sexan consultadas e estexan presentes na tramitación previa ao procedemento legislativo.

Barcelona, 23 Xuño 1984

○



NA FOTO: REIMUNDO PATIÑO E XOHAN CASAL. DIBUXO DE REIMUNDO PATIÑO

es o mar. Logo voltas á loita salvaxe pola vida, visteste, vas rolando polas silvas, ca face na herba, ca terra na gorxa MORTE: CARA A CHOIVA incesante, nun campo xaces deica a raxeira mañanceira que ven acariñar as tuas costas xiadas e apaixoa a tua face inqueda. É a sensación máis ledizosa e reconfortante da tua vida no mundo. Un sol de esperanza enche a Galiza de pois da choiva. E co morno sol as primeiras falas dos homes, coma chegadas do Paradiso, chegando a camiñar por un carreiro deica ti. Son falas galegas, pousadas e antergas. E unha voz fonda e tremante de muller. Unha vella cas mans enrugadas, lañadas polos seculos, cos dedos coma sucos de infinda terra, aspra e donda acariñan a tua face e uns beizos —uns beizos presentidos dende longo tempo, inxeles e virxes, antigos de NAI, de TERRA, de MULLER, bican a tua fronte pousada no seu seo piedoso e sin fondo.

....

Unha vida de escritor está mantida de sensacións auténticas —os libros non valen ren— e que tes de vivir certos intres que enleva precisamente a descubrimentos sustanciais na tua visión das cousas.

O mundo pra min acraouse e loxicamente logo de sair con ben de tantos días de loita e loita ca morte sinto unha arela nova de vivir.

E imprescindibel renova a vida. Do contrario hai que morrer. Isto nono entenden o “entes fosilizados” cuia maisima aspiración no mundo é precisamente “vivir seguros”. O estacamento mata a a-ialma. Todo renóvase a cotío. E sobor de totalas cousas as forzas vitais da Natureza. O amor mence mañán con máis forza. Hoxe amas a unha muller deica a tolemia —i é un exemplo e mañán a outra. Semellanche que o bico primeiro non admite xa bico adultero e logo bicas adulteramente, pra voltar a bicar con castidade. Totalas mañáns tes fame do mesmo cafe con leite. A fame renova en ti. Pro hai de percurar non morrer de “Ganas de non comer”.

....

E así eu metido nun mundo limitado do deica o afogo pola enfermidade tiven de recurrir á mesma morte

—a miña aliada de sempre— pra revivir de novo.

Hai unha doce gargallada no meu espírito nista mañán dos derradeiros días do marzal no que che escribo. A choiva galega asulaga as ruas petando nas pedras. Lembro os pasos da miña amada e máis eu cando percorríamos as ruas desertas no inverno, sentindo o primeiro amor, e escoitando o baticar da choiva na tea do paraúgas. Lembro a súa face na escuridade e da noite i escoito a súa voz: “Non se pode treicionar ós soños”.

Inda que olles en min —no futuro— un contable —grande milagro do esforzo—, non coides que esquecín o intre no que bebendo a i-auga na cunca sacra dunha fenda na rocha do Portiño, ollaba prá súa limitada tona ondeante co vento e coidaba que hai un mundo galego, celta, mítico, de léenda e poesía que é toda a nosa xente. Un mundo cáscue delirante e tolo. Un mundo estranamente infantil —tan infantil coma San Patricio ou os que ollaron o virar ciscante das estrelas no Libredon— que endexamáis deixará que se perdesse a asencia mais e inxel do noso Pobo, da chamada ós orixas.

As miñas arelas do futuro —¡Canto motivo de “tensión interior” vou cobrando— terán ista consciencia de sonos de tolemia infantil, pracida e tola, inxel e risoña, coma a face dun home medieval dibuxada en riscos rubicundos e tremantes nunha inxenuidade “trascendente” louca que meterá medo —e por iso rinse de nos ou rosmas —os homes de moito siso e “caspa na chaqueta” deica que os facelos caer.

Sempre habera un tolo, un bebedo, un neno que diga o seu nome en galego á guardia-civil, e que malia os fusiles, malia a INDISCUTIBRE REALIDADE, malia a DEMOSTRACION LOXICA DA MESMA VIDA, berre en galego. Sóio, se cadra na noite, morrendo antro berro do mar, cas unllas metidas na Terra de Promisión:

¡“VIVA GALIZA CEIBE”!
¡“TERRA A NOSA”!

Unha aperta de hirmán.

Firmado Xohan Casal Pardo, na Cruña, o 29 marzal do 1959. ○



S en dúbida algunha Kafka leu a Dostoievski, como tamén a Kierkegaard. Por elo se houbese que buscar unha "ascendencia espiritual" para o "O Proceso", habería que nomear á vez "Tremor e Medo" e "Crime e Castigo". Pero a obra de Kafka reivindica a súa independencia; pode haber filiación, pero non imitación. Non hai nada máis alporizante que esta crítica que tan só invoca "as fontes" pra se desembargar dunha orixinalidade demasiado embarazosa.

Ademais, antes de toda influencia literaria, hai que nomear a tradición familiar, directa ou indirectamente vencellada ó espírito rabínico, e cuíñas sutilezas dialéctivas atópanse astra na estrutura formal da frase de Kafka.

Kafka e Dostoievski son escritores que construen (ou destruen) o mundo ó través do tormento personal da súa vida. Este tormento do cal xamais deixaron de corrixirse constitúe o seu destino. Eles non negaron nada, non quixeron poñer nada de lado: foron colmados de destino. To-

da a súa vida estiveron enfrentados a algo ou a alguén, e non eran dos que podían desenguedellarse dos enfrontamentos da presa a súa vontade. Loitadores, non da crase dos hábiles, pero dos teimosos. Sempre faltándolles algo, faltos de probas, faltos da realidade, faltos de Deus. Buscando un apoio para loitar, e buscándoo astra no seu adversario, que as veces foi Deus e outras o Pecado. Na traxedia grega, o home sobre o cal se ensaña a vinganza dos deuses, o que se atopa "collido polo destino", é obxecto dunha singular veneración por parte dos que se lle achegan: os deuses ferírono, e a súa raiba actúa como a súa indulxencia, provoca sobrecollimento. A vítima transfórmasse en personaxe sagrado. Kafka e Dostoievski, son, en grado absoluto, as figuras sagradas da literatura moderna. Hai poucos máis.

A semellanza entre eles comenza a partir da imposibilidade de recibir un denominador común. A súa verdadeira similitude está no seu valor solitario que cada un singulariza a súa maneira.

Polo tanto non hai que esperar coincidencias superficiais. As analoxías a nivel fondo (profundo) non serán inmediatas, pero traspostas, como dunha tonalidade a outra moi alonxada. Símbolos idénticos non aparecerán á mesma luz: Serán corrixidos por un coeficiente de orixinalidade persoal irreductible. Pero, se consideramos con suficiente atención o parentesco que achega os principais temas conductores da obra de Kafka e do universo romanesco de Dostoievski, atoparíamos probas singulares a favor da universalidade e da ubicuidade dos "arquetipos" da maxinación; adivinariase, a nivel da maior soedade, unha receptabilidade aberta á influencia das condicións espirituais dunha época ou dun estado de civilización. E esta vulnerabilidade con respecto "ó inconsciente colectivo" será sen dúbida máis considerable en canto que virá a suprir ás comunicacións rotas na superficie por unha conciencia que se reprega na súa soedade.

En cambeo, as diferencias non faltan, e primeiro na vida vida mesma. A cadea, a mesa de xogo, o matrimonio: son unha suma de experiencias e de paixóns que Kafka non coñeceu, son riscos que non correu. Permaneceu ó marxe. A súa parte de proba parece ser menor. Por toda Casa de Mortos, non frecuentou máis que os grandes edificios administrativos. Pero foron para el o equivalente esfumiñado dunha Casa de Mortos; sentiunas como unha cadea. E así para todo o demáis: vexo a Kafka en todas as partes menos comprometido, menos volcado cara as cousas, menos maltratado pola necesidade material —pero en extremo vulnerable e recibindo case as mesmas feridas que Dostoievski, e en situacións nada comparabeis. O que mais os achegaría é a enfermidade, é o mal físico, que tentaron tanto un como outro de vencer levándoo ó plano da expresión. Pódese admitir que a enfermidade foi para eles un axente de sensibilización, derrubando certas defensas ou certas resistencias que resgarda ó "home normal" dun ataque de anguria. Tamén os achega, o conflito co pai, onde se anua o tormento principal dos seus soños de mocidade e onde se engade a relación dramática con outra figura paterna, a de Deus.

No comenzo das súas dúas obras, hai unha situación de exilio. Kafka pertence a un pobo exiliado, pero no interior do exilio de Israel é de novo un exiliado. O exilio de Kafka está en potencia 2 (segunda potencia); é un exiliado no exilio. No

seu idioma —que é o alemán, idioma de exilio— os obxectos e os acontecementos designan de lonxe unha realidade ausente que non pode ser nomeada: o simbolismo de Kafka non é un meio literario, pero é unha figura do exilio. Para Dost., o pobo ruso é un Mesías no exilio, arredado aínda de si mesmo polo pescado, e arredado do mundo occidental pola falla dun "espírito europeo" que xa non reconece os valores relixiosos transfigurantes. Dostov., deportado a traballos forzados foi tamén el un exiliado no seu dun pobo exiliado.

Para unha parte do público Kafka e Dostv. parécense pola cualidade idéntica de incomodidade que impoñen ó seu lector. As xentes de ben escorrendas faltoulles tempo de cualificar de mórbidos e de patolóxicos os elementos desacougantes polo cal máis valería discutir a verdade en vez de perder a tranquilidade espiritual. ¿Como ocorreu este malestar? Nun universo que parece ofrecer todas as garantías de semellanza con noso, os elementos familiares deixan de figurar como puntos de referencia tranquilizadores, xa non nos protexen, xa non podemos contar con eles. A vixia que se creía a máis lúcida atópase collida en falta e debe recoñecer que equivale a un estado de soño. No mundo de Kafka e de Dostoievski, o aceno máis automático tende a unha consecuencia fora das nosas previsións, se ben toda a nosa seguridade usual se constrúe sobre a hipótese dun certo número de actos sinxelos dos cales creemos dominar as consecuencias.

Esta incomodidade, nas súas últimas resoancias non pon somentes en cuestión a estrutura da realidade cotidián, agudiza en nós as interrogantes sobre o sentido da existencia: a interrogante sobre a existencia de Deus, a interrogante sobre a xusticia. A resposta esperada, a través da experiencia narrativa, queda en suspense, arroupada en silencio, mentras que a pregunta pesa e persevera con todo o seu peso. Este suspense determina a tensión interna do relato. Nestes dous novelistas que se defenden de ser filósofos especulativos, o problema metafísico non é sobreengadido ó relato, non serve para clarear o relato, tampouco o relato esta destinado a ilustrar o problema, pola contra fundamente misturados e enguedellados nunha materia densa e triste que é o seu meio vital, a anécdota e a significación espiritual do relato reciben a unha da outra un suplemento de opacidade que aguantará todo intento de interpretación sistemática o de traducción racional. Estamos en presenza de acontecementos concretos, e agoiramos que estes acontecementos queren dicir máis do que parecen: é difícil saber máis de elo. Impenetrable, pero ségredamente alusivo, o feito en bruto non se deixa leer nen como un signo transparente, nen como un dato obxectivo, inerte. O símbolo é evidente, pero é excesivamente pesado e material para non ser máis que un símbolo; o realismo é manifesto, pero está demasiado atravesado de alusións espirituais para non ser máis que un realismo.

Entre os personaxes de Dostoievski, non hai case ningún que non se esforce en craxear os seus propios enigmas. Todos están buldeiros de explicarse a si mesmos e de formularse. A medida que fuxen ás súas providencias, pretenden recobrase e poseerse. Nos seus monólogos ou nos seus diálogos, buscan con cobiza a axuda da razón e da lóxica; queren arranxar a súa vida sobre algunha "grande idea". Atopámonos desasosogados sobre temas do máis variado: metafísica, moral, teoloxía, socioloxía, historia... Están casi todos obsesionados polos

uma p...
v...
v...

Kafka e Dostoievski

Por Jean Starobinski

problemas da época, ós cales buscan con toda a súa forza as solucións. Á longa, esta preocupación chega a ser inseparable da súa vida.

Non hai tal cousa en Kafka. A intelectualidade é unha dimensión que falla ó seu universo romanescos. *Un coñecemento de si mesmo* é aquí impensable: xamais obtén un poñerse en cuestión dun xeito que consinta agardar algún exceso decisivo. Se ben é seguro que Kafka busca coñecerse ó través dos seus héroes, estes en cambio nunca teñen o poder de interrogarse a si mesmos sobre o esencial. Están sempre ó marxe. Por máis que tenten as infinitas eventualidades materiais que se ofrecen a eles, permanecen sempre ó marxe da verdadeira cuestión. Viven un mundo onde ningunha posibilidade interior ten endexamais lugar. Viven de eventualidades; contan sobre a transformación das circunstancias e non sobre a súa propia transformación. Non soñan con transformarse a si mesmos conténtanse con agardar atrapalladamente que “esto mude”. Ninguén pode aquí trastonar o seu porvir, ninguén pode soñar cun progreso eficaz ou unha conversión moral. Esto só se produciría se a conciencia conseguise representar as súas propias posibilidades: é preciso o emprego dunha liberdade incondicional. Noustante esta non é a situación dos personaxes de Kafka, sempre en estado de liberdade restrinxida. Parece que toda forma máis completa da liberdade ameazaría con fender a coerencia material de este universo cuia soa homoxeneidade garante a existencia. Da reflexión moral sobre si mesmo, o héroe de Kafka non pode esperar nada; nen tan sequera coñece o camiño. Para os personaxes de Dostoievski pola contra, é nos seus trastornos de conciencia que se producirán os acontecementos capitais.

O universo de Kafka reproduce de xeito sigularmente nitidas as imaxes do noso universo cotidiá, pero sen tomar apoio directo sobre el. Dostoievski, pola contra, non ten medo de lle dar as súas obras a figura de “novelas contemporaneas”, ou de “novelas de observación”. Dalles as súas obras as paixóns intelectuais, as condicións morais da súa época e do seu país (a contenda dos eslavófilos e dos occidentalistas, por ementar un exemplo), e chegará astra querer darlle a algúns destes relatos o valor de documentos sociolóxicos. Desexa que se reconeça nos seus relatos os sistemas complexos do “medio ambiente actual”. Dende entón, as discusións de ideas figuran no relato como elementos de realismo descriptivo, para asegurar a fidel representación da “crisis moral” da época.

Pero anque sexa tan ríspido e tan encarnizado o debate intelectual en Dostoievski, xamais lograrán os personaxes crarexar totalmente o seu carácter e o seu destino. Hai rexións de si mesmos que non alcanzan a súa tentativa de explicación, e se adviñan zonas cuio autor nunca poderá falarnos explicitamente, por falla de poder el mesmo aportar a luz. Nestes personaxes a parte de sombra permanece enteira. O que son sobre-pasa sempre o que afirman.

Sempre temos o agoiro de que non se ten dito todo sobre eles. Son capaces de rompimentos solprendentes con eles mesmos. Poseen nelles actores descoñecidos que de súpeto poden entrar en acción e mudar a dirección do drama. A sombra, en Dostoievski opónse á luz e faillle contraste. As partes craras están sostidas por longos espacios escuros, a maneira de Rembrandt, en Kafka, a parte da sombra non é máis pe-

quena, pero semella que a luz e a sombra se misturen en vez de se enfrentar. O resultado é unha luz exacta, igualmente distribuída, a meiodía sen resplendor, peneirado por unha brétema imperceptible; un alumado sempre enfermo e idéntico, un grisallos contínuo, pero onde todo se inscribe en evidencia, e onde, como en certos desvairos, as diferencias do día e da noite tenden a borrarse...

En Kafka ou en Dostoievski, o misterio xamais se obtén de xeito artificial. Está feito do que o autor descoñece e recea. É imposible de invocar as mañas da técnica romanescas, da cal a máis coñecida é o escubullimento de datos esenciais que o novelista, coñecendoos perfectamente, retén ou garda para si mesmo. Se a sombra aquí intervéñ, non é porque o escritor se adica a disminuir por vontade propia a parte da luz, é que non pode, a pesares de todos os seus esforzos, levar a craridade máis alá de certos límites. Nada de finxido nas grandes “incógnitas” que asedian as novelas de Kafka e de Dostoievski: son límites esenciais, son, as veces, riscos de loucura.

É e no carácter dos seus personaxes que Dostoievski nos as fará aprehender estas incógnitas. Son case exclusivamente de orde psicolóxico: determinan mutacións bruscas no comportamento dos personaxes do drama; gobernan os saltos de humor incompreensibles, as bruscas relacións alumeantes, as inconsecuencias, os reversos afectivos dunha inmediatez trastornadora. De aí que nunca poderemos estar seguros dun carácter, xamais teremos unha definición que nos sexa tema de revisión total, xamais estamos en posesión dos últimos motivos. Pola contra percibimos, en Kafka, a ausencia completa dunha psicoloxía do carácter. O interés é levado ao nó complexo da situación, e non sobre o carácter. Os elementos psicolóxicos son apenas indicados. A inconsecuencia, que xurde por solpresa na conducta dos personaxes de Dostoievski, parece alongarse e disolto uniformemente no comportamento dos héroes de Kafka: está invisible. Ningún acontecemento eruptivo nestas existenciais, ningún trastorno interior, nada que xurda por exceso. O orgullo, nen a humildade, nen o sufrimento, nen a ledicia, teñen sitio neste universo todo en superficies. Os fenómenos afectivos non toman xamais o valor de acontecementos. E cando xurde a expresión dun sentimento, nada ao seu través parece liberarse, nada atopa o contacto dos demáis. O sentimento non pode producir nada decisivo. Nos personaxes de Kafka a afectividade é inerte, como golpeada pola morte. Ademais a acción nunca percura a súa regra na calificación moral. Non é cuestión nen de vicios nen de virtudes; ¿estamos máis acá ou alá do ben ou do mal?

De feito, é suficiente con referirse ó Diarió íntimo de Kafka, para asegurarse de que o problema do mal non se perdeu de vista nun só instante. O erro sería creer que da ausencia dos termos éticos, do vicio e da virtude conlevan á desaparición da noción *relixiosa* do ben e do mal. O mal en Kafka, non se atopa en tal acto en particular; o pecado non está atado a unha circunstancia onde se actuaba mal; é unha situación permanente, entra en composición homoxenea na condición do home. Estamos a un grado de xeneralidade onde non sería xa cuestión de considerar o mal en tal incidencia psicolóxica individual: revélase e disimúlase en todos os obxectos deste universo; é un estado indefectible.

Nada revelará mellor as analoxías e as diferencias que a

confrontación do *Proceso* e de *Cri-me e Castigo*. É evidente que a culpabilidade é o axente motor destas dúas obras, onde o viero cara o castigo é impracáblemente axenciada, pese a todas as tentativas de xustificación ou de disimulación. O culpable remata por estar liado na súa falla de tal xeito que a idea da fuga non consegue realizarse xamais. Unha esixencia xorda —a natureza masoquista, dirán os psicoanalistas— impón a expiación. Atopáranse outras analoxías en certos detalles materiais precisos, cuio poder de significación (ou de símbolo) é extremadamente eficaz: Raskolnikof e J. K. viven os dous nunha pensión. Esta situación case constante en Kafka como en Dostoievski: ningún personaxe principal posee un interior inalienable, unha vivenda onde se poida considerar “na súa casa”; pódese ser botado á rua en calquer momento, e cando non é a dona da pensión que o bota, é o seu pai... Vexo outro punto en común: o “sobrenaturalismo” alucinado que acompaña a descripción dos edificios, que son misteriosos actores inmóviles. Estamos nun mundo onde o espazo non é nunca libre, hai por todos lados obstáculos que vencer, portas que transpor. Atopamos nas dúas novelas unha mesma obsesión das escaleiras sinistras e das habitacións demasiado estreitas onde “a alma se asfixia”. Vexan a escea onde Raskolnikof se dirixe a comisaría de policía, extrañamente situada no terceiro piso dun edificio arrendado; debe rubir con anguria unhas “escaleiras cheas de basura, fedorentas polos baños que botaban as cociñas abertas a cada relanzo das escaleiras”. Pero Joseph K., para o seu primeiro interrogatorio, debe tamén rubir —a través de paradas e dudad infinitas— astra os pisos superiores dun extraño edificio, pasando por unhas escadas sobra as cales “todas as portas estaban abertas para permitir ós nenos ir e vir. Deixaban ver polo xeral pequenas estancias cunha fiestra que servían de dormitorio e de cociña...”

Quizais este movemento de *ascensión* cara a xusticia sexa o produto dunha “maxinación dinámica” onde se expresa unha fórmula mítica moi lonxana; a mesma esixencia física, completamente irracional, non houbese comandado o hábito antigo da xusticia *rendida sobre un lugar alto*, no termo dunha marcha ascensional ou dun calvario. Kafka e Dostoievski o máis probable é que non se diran conta de que retomaban para si esta “simboloxía” antiga: impúxose a eles, como se impón o desenrolo dun soño obsesivo.

Noustante o lector non tardará en se decatar das diferencias maiores: mentras Dostoievski desenrola un caso concreto, toda a *psicoloxía* da criminalidade, partindo dos motivos determinantes da culpa, chegando a circunstancias interiores da “rexeneración” do culpable-Kafka baséase no único dato externo da inculpación, na única *situación* do avisado fronte a potencias inatinxibles que dispoñen da súa sorte. Ningun referimento á natureza da culpa, ningún interés achegado ós sentimentos do “culpable”, ningunha motivación consente ou inconsciente: esta parece ser o obxecto dunha constante elisión. Cousa singular, a arte de Kafka, un dos máis “internos” que haxa, defendéndose de levar o acento sobre a máis cativa “realidade interna”. Quizais sexa elo o propio de toda forza mítica: o héroe é unha forza interior en acción, non precisa buscar na súa conciencia unha representación de si mesmo, non pertence a un mundo psicolóxico onde se xuzga un a si

mesmo e onde un mesmo se pon en cuestión. O destino dos héroes de Kafka figura o drama interior, e isto explica que nunca parezan *sentir* a súa propia dimensión interna; o personaxe de Kafka non se volca sobre os seus soños, el é soñado. El mesmo é un signo tan profundo que non se pode impoñer profundizacións posteriores: xamais é capaz de tomar posesión de si mesmo pola súa propia meditación. Estamos na psique materializada, e non no psicolóxico. En Dostoievski, pola contra, estamos en presenza da psique e do psicolóxico misturados entre si, da imaxe soñada e da reflexión sobre o soño entallados. Todo se desenrola como se o universo heteroxéneo e “pluridimensional” de Dostoievski, se reduciara en Kafka a unha soa dimensión homoxénea, por un proceso de desviamento parello a este que en matemáticas fainos pasar da función primitiva á función derivada. O mundo de Kafka, en comparación co mundo eruptivo de Dostoievski, parece ser unha transcripción atonal e coada, un equivalente elíptico, unha redución a dúas dimensións.

¿Levaríanos esto a dicir que os héroes de Kafka chegan a ser menos reais e menos vivos, privados como están desta intelectualidade e desta afectividade, que provocan nos personaxes de Dostoievski tantas reaccións de esfolados? A perda de realidade que parecen padecer os personaxes de Kafka non é un empequeñecemento da súa presenza concreta; non se esfuman nunha inconsistencia pantasmagórica: non é un pasaxe e unha realidade inferior, anque o faga supor o tema de *Metamorfoses*. O acento está posto sobre unha “realidade superior”, a cal está ausente, ou estabelecida máis alá do noso entendimento... No empequeñecemento que aparentemente padecen os personaxes de Kafka é sempre esta realidade transcendente a que está suliñada, e é sempre pola *esixencia do absoluto* que denuncia o absurdo do esforzo humano.

Incapaces de toda “problemática” intelectual, non impide que os héroes de Kafka razonen e discutan en lonxanía, —pero sempre sobre un dato accidental e limitado—. O seu pensamento non parece capaz de ningunha outra xeneralización extensiva. O máximo de intelixencia dialéctica atopa o seu punto de aplicación nun tema que reúne as condicións da absoluta singularidade. Para dar un exemplo, poderíamos defrontar dous longos monólogos: A *Construción* e a primeira parte de *Memoria dun subsuelo*. Se ben o personaxe de Dostoievski, pasando constantemente da confesión á disertación de ideas, arremete amplas especulacións sobre a situación do intelectual e sobre o papel da intelixencia na sociedade moderna—, o animal evocado por Kafka abandónase a unha monótona reflexión sobre un único tema: a seguridade que debe procurarlle a súa construción.

Non se pode maxinar pois diferencia máis radical entre o tema e o seu desenrolo. Pero, no dato “psíquico” e na significación última, estes dous textos ofrecen coincidencias solprendentes. Teñen en común a expresión da inferioridade (vivir no subsuelo, debaixo do nivel natural da vida dos demáis, no rexeitamento de toda comunidade), o irremplible desenrolo dunha meditación solitaria que non cesa de acumular os agravios contra si mesmo; en fin, a intervención simultánea do desexo de construír e a obsesión de destruír.

Si ben estas nocións, que son en Kafka imaxes conductoras permanentes xurden en Dostoievski baixo

a forma de ideas incidentes, pero suficientemente violentas como para arroxar unha luz brusca sobre o desenrolo total do relato: “Ó home gústalle construír e trazar carreteras; é indiscutíbel. ¿Pero de onde ven que tamén lle satisfaga compasión, destrución e o caos? Nunha situación semellante, cando Dostoievski se esforza en formular un pensamento, Kafka non se pecha no interior dun misterio de imaxes que significan sen precisar de formular, e que se desenrolan sobre o único plano da parábola.

Teño o meu subterráneo, declara o héroe de Dostoievski. *Teño o meu tobal*, proclama o animal solitario de Kafka... *Son un verme*, Raskolnikof. —*unha mañán, Gregori Samsa espertou transformado en cascuda*. E aquí pois dous temas que Kafka, parece tomar palabra por palabra nunha metáfora proposta, como ó azar da locución, por Dostoievski. Metáfora dun instante no novelista ruso, metáfora sostida y desenvolada en relato case alegórico por Kafka, até as súas últimas consecuencias.

Nunha carta Dostoievski escribe, falando dos irmáns *Karamazov*: “A cuestión principal que será perseguida en todos os capítulos deste libro é a mesma pola que padecin conscientemente ou inconscientemente toda a miña vida: A existencia de Deus”. A mesma cuestión fará a angustia de Kafka, pero non haberá ningun, nas ficcións deste para designar Deus polo seu nome: pola mesma razón que quere que no mito os problemas interiores estén figurados e non discutidos. Toda a obra de Kafka non é de feito máis que unha única e ampla elipsis indicando a Deus na lonxanía e rexeitando —este Deus que non pode ser nomeado en razón de súa grandeza e da súa ausencia á vez.

Existe, nas obras de Dostoievski homes que se consagran a Deus e que convidan ós seus irmáns á salvación. O staretz Zossima é a figura exemplar de elo. Pero esta chamada cara Deus será contraposta violentamente: ó comezo polo ateísmo dos personaxes escuros, cos cales Dostoievski garda quizais complicidades segredas; e logo por esta dudad, á cal Aliocha non pode rexeitar o asalto ó longo da terrible velada fúnebre. Non hai milagros; todo se fai como se Deus non existise... De feito, a ausencia de Deus pesa en Dostoievski dun xeito tan forte como en Kafka. Este mundo tormentoso está cuberto de ausencia o mesmo que a paisaxe do *Castelo* (novo recurso á única virtude dun emblema) está cuberta de neve.

Pero nestes universos laberínticos asediados pola ausencia, ¡que extraño releve tomán as cousas presentes! Que prodixiosa evidencia alumean os obxectos concretos. Pense na tapicería que se despeda da parede no cuarto de Raskolnikof, na mosca que voexa na estancia onde descansa o cadavre de Nastasia Filippovna. En Kafka, ¿quén non volta a ver esas portas, esas fiestras, eses pasillos dibuxados coa exactitude e a solidez da verificación que é imposible revogar en dudad? Pero estes obxectos tan nitidos toman axiña unha figura hostil e absurda, tal como nos aparecen a súa presenza ineludible e masiva non fai máis que agravar a ausencia de este Outro do cal son a contradición e cuio lugar ocupan.

Jean STAROBINSKI

Nota: Traducido do francés do número da revista OBLIQUES adicado a KAFKA, por Ch. A. e A. P. ○

I Congreso internacional da lingua galego-portuguesa na Galiza

APESAR de interessadas voces de mal agoiro e algunhas manobras entorpecedoras o I CONGRESO INTERNACIONAL DA LINGUA GALEGO-PORTUGUESA NA GALIZA, organizado pola Asociación Galega da Língua (AGAL) que tivo lugar en Ourense entre os días 20 e 24 de Setembro, constituiu un éxito sem precedentes e com unha proxección potente de porvir. Os mais de 350 congressistas seguírom com manifesto interese as diferentes ponencias e comunicacións apresentadas por estudiosos da nosa lingua e literatura, entre os que se encontravam personalidades notáveis da área lingüística galego-portuguesa como o professor portugués OSCAR LOPEZ, os brasileiros LEODEGARIO DE AZEVEDO FILHO e CELSO FERREIRA DA CUNHA, o romeno EUGENIO COSERIU, o catalán L. ARACIL, a italiana L. STEGAGNO PICCHIO, os galegos RICARDO CARVALHO CALERO, RAMON LOPEZ-SUEVOS, M.^a do C. HENRIQUEZ SALIDO, JOAM CARLOS RABADE, etc.

A AGAL perseguía como objectivos prioritários a desenvolver no decurso do congreso o estudo dos problemas políticos, lingüísticos e sócio-culturais do galego-portugués na Galiza e a sua influência no proceso de normalizaçom, a análise da identidade do galego dentro do romance hispáno occidental, a proposta de formas de intercâmbio e cooperaçom entre as comunidades de expressom galego-portuguesa, a consideraçom dos problemas comuns da Galiza com outras comunidades onde existam conflitos lingüísticos semelhantes aos nossos e, por último, a valorizaçom da lingua galego-portuguesa através das manifestaçoms literárias tradicionais e actuais.

Estes objectivos fórom cumpridos no desenvolvemento das diferentes jornadas de trabalho, ao fim das quais elaborou-se um texto de conclusoms que, a seguir, reproducimos:

1. O Congreso reafirma que as diversas formas do galego e do portugués constituem um mesmo sistema lingüístico, umha mesma lingua.

2. O Congreso reafirma tamém que a norma que corresponder ao galego tem de ser fixada com critérios científicos e num necessário debate democrático, aberto a todos os especialistas e sectores sociais implicados.

3. O Congreso apoia todos os procesos conducentes á plena normalizaçom lingüística do galego que dever á afectar com carácter prioritário, ao ensino, meios de comunicaçom e administraçom.

4. Os Congressistas de países de lingua galego-portuguesa urgem a necessidade de reforçar e multiplicar intercâmbios culturais e á troca de experiéncias no interior desta comunidade lingüística.

5. Os Congressistas dos países de lingua galego-portuguesa instam ás autoridades correspondentes dos respectivos países á necessidade de criaçom de cátedras de portugués e de literatura galego-portuguesa para o ensino universitário na Galiza e á introduçom de estudos galegos nas Universidades portuguesas e brasileiras. E assi mesmo que se procurem fórmulas para alargar o conhecimento das correspondentes culturas noutros ámbitos do ensino.

6. O Congreso, interessado na necessária qualidade do ensino da lingua na Galiza, urge ás autoridades que seja confiado com prioridade, para o nível secundário, aos licenciados em Filologia galego-portuguesa.

7. O Congreso ratifica-se á realizaçom do próximo encontro deste tipo. Em consequéncia, propom que o seguinte congreso se celebre nalgum dos países de lingua galego-portuguesa, num prazo desejával nom superior aos 3 anos.

M.F.

Caixa de Aforros Municipal de Vigo




Novo marco para a obra cultural de "A Caixa"

Servir de canle á expresión da arte e a cultura, é unha obra social que "A Caixa" comeza en 1961, ao inaugurar a sua primeira saa de arte na provincia e hoxe da cabo neste grande Centro para pracer da Comunidade.



- RECEBEDOR-VESTIBULO
- TEATRO-SAA DE CONCERTOS
- SAA DE CONFERENCIAS
- SAAS DE SEMINARIOS
- BIBLIOTECA
- AUDITORIO
- SAA DE EXPOSICIÓNS

Centro Cultural
Caixa de Aforros de Vigo



A investigación

Malacolóxica

na ría de Vigo

Por Emilio Rolán Mosquera

AO ter sido Galiza un país poboado desde moi antigo nada ten de extraño que as súas riquezas (minas, fauna, etc.) fosen coñecidas e inclusive estudadas polos seus habitantes. E claro que estes, os que viviron nos antigos castros (chámanse celtas ou non) tiñan que ser perfeitos coñecedores dos crustáceos e dos moluscos cos que se alimentaban.

E posibel que os seus coñecimentos non lles permitisen distinguir entre elas especies mui semellantes, mais indubidabelmente tiñan que darlles nomes a cada unha das formas e saber onde atopalas e onde as había dabondo, polo que deste xeito serían os primeiros naturalistas (aínda que sen título) que estudaron o habitat dos moluscos.

Nas proximidades das súas vivendas, nos desterrados feitos nos castros que son estudados actualmente, pódense atopar os "cuncheiros", chamados así polos restos de cunchas que neles hai, especialmente de caramuxos (*Monodonta lineata*), minchas (*Littorina littorea*), lapas (*Patella vulgata*), corniños (*Nucella lapillus*) e mexilóns (*Mytilus galloprovincialis*). Chama en cambio a atención a nula presenza de outras bivalvas das que son colectadas na área dos esteiros, como o berberecho (*Cerastoderma edule*) ou a ameixa (*Venerupis pullastra*). Isto pódese facer pensar que os primitivos tiñan preferencia por recolectar nas zonas costeiras roqueñas, onde encontraban tamén peixes e outras manifestacións de vida útil para eles.

Mais adiante, e sempre con finalidade alimentaria, o galego seguiu apañando moluscos e coméndoos. E natural que o home aproveite as riquezas que ten no seu arredor, especialmente se ofrecen o exquisito sabor do marisco. Pero a investigación sobre moluscos non pasou daí: apañalos e comelos. Só nos últimos tempos as recolectas incrementáronse até se converter nunha riqueza exportábel e un factor de base para a industria e a economía.

Con todo isto a inquedanza investigadora non acadou aquí a atención que lle foi dedicada noutros países. E mentres nos séculos XVIII e I.ª metade do XIX, noutros lugares de Europa os científicos estudaban animais a plantas e inventariaban os exemplares das súas metrópoles, dos seus territorios coloniais e aínda das áreas visitadas noutros países en numerosas expedicións científicas, en España esqueciase todo interese polo tema. Así, non podemos hoxe opor os nomes dos nosos investigadores aos de outros países que foron pródigos neles: Linné, Pennat, Dacosta, Gmelin, Montagu, Lamarck, Payrandeau, Sowerby... E mentres máis de douscentos autores estranxeiros citaban moluscos da península, nengunha publicación ibérica facía cousa semellante.

Temos que chegar aos últimos anos do pasado século, cando surge a personalidade malacolóxica de Hidalgo, como estudioso cuase exclusivo dos moluscos ibéricos.

No pasado século a ría de Vigo aparece citada moi poucas veces na literatura malacolóxica e nestas ocasións trátase de traballos feitos por autores estranxeiros.

Así, por exemplo, Mc Andrew estivo na nosa ría en 1849 e fixo unha importante mostra que publicou en varios artigos facendo comparacións con colleitas de países veciños. Jeffrey publicou algunhas especies do Atlántico, referindo algunhas á Baía de Vigo.

Ten certo interese para nos dectar da nosa pobreza investigadora a referencia que fai Hidalgo no seu libro sobre autores con publicacións arredor da fauna ibérica: nunha lista de máis de douscentos nomes non atopamos nengún galego nen español.

A Baía de Vigo, importante porto comercial, lugar de partida dos barcos que cruzaban o Océano, base dunha ampla flota pesqueira, non coñecía dos seus moluscos máis que as observacións dos mariñeiros e algúns poucos traballos de xente de fóra.

A primeira metade do século XIX.

Nas primeiras publicacións de Hidalgo xa comezan a aparecer citados os topónimos galegos. Ademais dun estudio sobre moluscos apañados nas praias de Baiona, na súa máis importante obra, publicada en 1917 aparecen numerosas citas para as augas galegas e para a nosa ría: Vigo e Baiona, Cies e Cangas están alí presentes.

Alén das súas propias recoleccións, no seu libro aparecen información e dados tirados de algunhas coleccións do seu tempo, entre as que cita a Argüelles, Azpeitia, Cisneros, Laviña, Linares e Macho, sinalando os puntos de Galiza onde fixeron capturas, Vigo entre eles.

Os nomes destes malacólogos deben ser citados aínda que non teñan publicacións escritas, porque fixeron estudos da nosa terra e aportaron datos para a obra de Hidalgo.

E, despois dos traballos deste autor, até os nosos días? Nada. Durante longos anos semella que Vigo tivese fuxido do mapa. Ninguén publica o seu nome. E temos que chegar a datas recentes para ver citada a nosa ría nun estudo científico, como comprobaremos máis adiante.

O interese biolóxico da ría de Vigo.

O aparente descuido en que se atopa o estudo malacolóxico da ría de Vigo en tempos pasados non procede en forma nengunha da falla de interese obxectivo do noso mar. É certo que a meirande parte das especies de moluscos que aquí habitan van estar presentes en moitos outros lugares, ao Norte e ao Sul. Pero a ría de Vigo ten unhas particularidades (muitas das cais comparte con outras rías galegas) que nos estimulan para obter un mellor coñecimento dela.

Como todas as rías constitúe un degrau de contacto entre as augas doces e as salgadas e produciéndose esta mestura nunha tan ampla enseada ten que haber por forza numerosas zonas de transición e variacións de salinidade provocadas polas correntes, a chuva, a evaporación, etc. Ademais existen tamén grandes modificacións do fondo mariño: rochas, area, lama, que combinándose con outras variantes (temperatura, profundidade, etc) producen unha grande diversidade de hábitats, onde as especies que predominan son seleccionadas polas súas exixen-

cias vitais. Así hai moluscos que habitan nas zonas lamacentas dos pequenos esteiros con auga máis ou menos salobre; os que se atopan entre algas, os que prefiren a lama ou viven na parte máis alta da maré, onde apenas chegan as augas. Cada un dos fondos cambiantes do noso meio mostra a súa fauna bentónica característica e modifica os aspectos daquelas especies que teñen variabilidade e polifemismo.

Pero ademais a ría de Vigo ten outro interese aínda: o feito de estar situada nunha zona de transición entre a fauna mediterránea e a do Norte de Europa. Así podemos atopar especies que non volven a surxir máis ao sul, e ao mesmo tempo representa o límite Norte da área de distribución de outras especies mediterráneas.

O afloramento nas nosas proximidades de correntes de auga mediterránea, feito hoxe perfectamente coñecido e estudado por Margalet e Fraga, constitúe un factor máis da influencia ambiental, con importantes consecuencias para a investigación.

Como en todas as rías, un enorme interese práctico ven dado pola posibilidade da utilización dos moluscos na alimentación e nas industrias asociadas. Isto virá significar un grande beneficio para a poboación da zona en riqueza e postos de traballo.

O estudo sedimentolóxico dos dragados feitos na ría para a construción dos novos portos e peiraos permite a recolleita de amostra de area con restos de cunchas que poden ser datadas con exactitude por meio dos coñecimentos científicos actuais. Tal traballo favorecería o coñecimento das variacións de fauna desde tempos remotos. Ditas variacións, ademais de múltiples aplicacións nos estudos de formación de sedimentos e de evolución dos esteiros, pode aportar datos para a Historia e a Arqueoloxía. Por exemplo, no estudo dos cuncheiros dos primitivos castros galegos, coñecendo a fauna e a súa distribución naquela época, tiráramos información sobre os movementos humanos para a obtención dos seus alimentos.

Curiosidades malacolóxicas.

Unha pequena cuncha hai que leva o nome da nosa cidade: *Onoba vigoensis*, que quer dicir "propria de Vigo". Este molusco ten a súa historia. Foi apañado pola expedición inglesa á nosa baía, que tamén percorreu as costas de Portugal e África, "Porcupine", e o material examinado polo malacólogo inglés Jeffreys. Este encontrou dous exemplares mui pequenos, un de Vigo e outro de Portugal, mui parecido, e deulle un nome. Pero non se decatou de que o nome que lle dera (*Rissoa affinis*) xa fora utilizado para designar outra cuncha distinta, polo que veu ser unha denominación non válida e polo tanto houbo de ser rebañada recentemente coa designación que ten na actualidade. Desta cunchiña xa foron recollidos non nosos días bastantes exemplares, aínda que mortos. Xustamente agora estase á procura de algún animal vivo para poder estudalo de xeito máis completo e decidir a súa posición taxonómica.

Outra especie que de momento só parece foi recollida na nosa ría ten

sido bautizada como *Coralliophila rolani*. Aínda que o seu estudo non foi acabado, prantexa o problema de que, sendo especie mui rara e téndose recollida viva en contados lugares de vinte ou máis metros de fondo, hai dificultades para a obtención de material.

Ao ter a nosa ría recantos de condicións de vida mui especial podemos atopar neles especies que non son habituais na nosa área e que só viven en reducidos hábitats. Así *Nassarius pfeifferi* é unha especie de augas máis tépidas e salinas, pero que se pode apañar no Lago dos nenos das Illas Cies. Desde aquí ahi que chegar polo Norte á enseada da Toxa para volver a localizalo ou descer até o Sul de Portugal e Canarias, onde parez que ten o seu verdadeiro microclima.

A Baía de San Simón, que forma a parte máis alta da ría, ven ser un esteiro que se vai reencheando de vagar polos sedimentos fluviais, ficando un pouco isolada do resto da ría polo estreito de Rande. Nesta baía as augas son máis salobres, por causa do cal pódense atopar especies de moluscos incapaces de viver noutras zonas. Precisamente neste punto e nos arredores da Illa de San Simón, enterrada na lama, habita unha especie que non existe en nengunha outra parte da ría. Chámase *Hinia servaini* e durante moitos anos foi confundida con outra máis común (*Hinia reticulata*). O feito de que ambas foran atopadas vivendo xuntas nesta baía permitiu demostrar que non eran formas diferentes dunha so especie, senón dúas especies válidas. Este é un traballo que aínda está en fase de ampliación.

Resulta interesante o feito de que o molusco de maior tamaño que vive na ría de Vigo apenas é coñecido pola xente, a pesar de ser bastante abundante nela. Trátase da "ameixa xigante" que aparece de vez en cando fotografada nos xornais como cousa excepcional. O seu nome é *Panopea glycymeris* e a dificultade de recolleita provén de que vive fundamentalmente enterrada na area ou na lama, onde ficari as valvas logo de morta, polo que non son apañadas con redes nen outras artes. Só os dragados nos lugares onde se van construír peiraos poden poñela; é manifesto ao mergullador ou ao curioso. Non obstante algúns traballos científicos apuntaron recentemente certos datos sobre a bioloxía deste molusco.

No inventario das especies de moluscos atopados na nosa ría chama a atención a presenza das que non vivían na nosa área séculos atrás. Así un polipláciforo (*Chiton fibris*) foi importado en Europa polos barcos que viñan de América a comezos do século e deste xeito se espallou polas nosas augas. Hai pouco tempo sinalouse por primeira vez a presenza de *Crepidula fornicata*, un gasterópodo americano que se estendeu desús o atlántico norte. Esta non foi citada na literatura científica a presenza de ostra americana (*Ostrea virginica*), importada accidentalmente coas súas crias para as bateas e que hai tempo habitaba a ría de Aldán.

Nas amostras que estudan as modificacións de poboación ou as variacións de presenza de certas especies na nosa ría prantéxanse interesantes cuestións non aclaradas, co-

mo, por ex., a causa da desaparición na actualidade de especies como a bivalva *Gastrana fragilis*, que non foi apañada viva nos anos presentes mentres aparece abondo nos sedimentos de non hai moito tempo. Ou a desaparición desde o ano 1972 da especie *Calliostoma laugierii*, que se podía capturar en Canido ou atopar na area das praias próximas a Samil. Ou inclusive a presenza durante os anos 72 a 76 nas pozas distantes do mar dunha pequena cuncha semellante a unha lapa, chamada *Siphonaria pectinata*, que vive normalmente até o sul de Portugal, extendéndose polo mediterráneo e África do Norte. Nunca máis, desde aqueles anos, volveu a ser recollida.

As investigacións máis recentes.

O avance das Ciencias e da Investigación nos últimos tempos fai que se preste especial interese ao mar. Xa non só é un espacio polo que circulan os barcos senón tamén unha fonte de riqueza que proporciona o peixe e o marisco, e estes non só como alimento senón que provocan ademais o interese dos turistas, e deste xeito o mar comeza a ser estudado como fonte de produtividade.

Os cultivos mariños fan que se lle adique primordial interese ás especies comerciais. Así os biólogos estudan e publican traballos sobre o mexilón, ameixa, berberecho, entre outras. Os nomes de ANDREU, ALVAREZ-SEOANE, A. FRAGA, A. FIGUERAS, van venciados a estudos realizados na ría de Vigo desde hai máis de vinte anos.

Mais o interese comercial non descarta o de sistemática, e deste xeito SACCHI estuda a especie *Littorina mariae*, separándoa de *L. obtusata*, coa que fora confundida durante anos. HERNANDEZ OTERO e JIMENEZ fan amostras de toda Galiza, citando a nosa ría dentro da área de estudo, aínda que pobremente e con inexactitudes. Na universidade de Santiago surxen biólogos dedicados á Malacología: URGORRI, CASTILLEJO, BESTEIRO, RODRIGUEZ-BABIO, entre outros. En Vilagarcía, no Plan Marisqueiro, ROSA RAMONELL traballa ocasionalmente sobre moluscos. Mentres tanto na nosa cidade, no Instituto de Investigacións Pesqueiras, A. GUERRA, e G. PEREZ GANDARAS especialízanse en cefalópodos. Este último dirixiu ademais prospeccións efectuadas no Banco de Galiza, unha elevación submarina de 1.000 metros de fondo, onde tamén foron recolectados moluscos pouco coñecidos e de grande interese.

E en tempos máis recentes aparecen os estudos, de M. LOPEZ BENITO sobre a química dos moluscos, de F. FERNANDEZ CORTES sobre moluscos bivalvos, de A. J. FIGUERAS e A. FIGUERAS sobre o mexilón, de A. MURADO, J. FRANCO e M. J. FERNANDEZ REIRIZ sobre a biotécnica deste molusco. Tamén sobre o mesmo tema M. LOPEZ LAFONT e R. ARNAIS e A. de COG sobre as artes do marisqueo.

Pouco tempo hai que foi publicado o primeiro inventario sobre moluscos gasterópodos da nosa ría. Da súa consulta pódese deducir o pouco traballo realizado con anterioridade neste terreo, porque das 450 especies descritas 150 son por primeira vez.

non estando rexistrada en traballos anteriores da nosa ría.

Polo mesmo tempo iniciáronse as investigacións do grupo de FEGAS e CIS, que, con C. DURAN á fronte, fixeron un primeiro estudo centrado nas Illas Cíes sobre un inventario das comunidades bentónicas roqueñas e as súas interrelacións. Neste traballo, así como noutros de interese científico, colabora o grupo de Actividades Subacuáticas do Real Club Náutico, pioneiros da aportación dos profesionais á Malacología.

O porvir.

Nunha época de crise, de explosión demográfica, cun futuro no que se pode albiscar a ameaza da falta de nutrientes, hai un camiño que semella craro diante de biólogos e investigadores:

1. E preciso coñecer mellor o meio mariño. E preciso coñecer mellor as especies, a dinámica de poboacións, as interaccións e dependencias específicas, para que sirvan de base para outros estudos mais profundos. Entre eles:

2. O estudo do rendimento económico dirixido ás especies de interese alimentario e base de industrias, e aos cultivos mariños. Isto é, un plan racional de explotación do mar. Para o cal é preciso:

3. A potenciación dos centros destinados a esta investigación a creación de novos centros (como unha Facultade de Ciencias do Mar).

4. Concienciación da poboación en xeral na necesidade de arranxar un plan de investigación na nosa terra, con orientación aos nosos produtos e á nosa economía.

5. Detención do estrago do meio mariño, suprimindo vertidos industriais, filtrado das augas residuais e evitando as industrias contaminantes.

6. Loita en contra do furtivismo e da explotación non racional do meio mariño.

7. Criación de parques submarinos e de zonas de conservación da natureza que permitan un estudo evolutivo e onde os traballos dos científicos pudesen determinar vantaxes para a ecoloxía e para o rendimento do mar: áreas de reserva para o dosove, cultivos novos, etc.

Ten actualidade o descubrimento da alta produtividade de ostras dentro dunha lagoa costeira feita casualmente no recheado de Bouzas. Neste lugar, gañado ao mar, o que tiña de ser unha poza para desaparecer axiña, estableceuse unha comunicación co mar, soterraña, accidental, e criouse unha lagoa artificial con interesantes características ecolóxicas. Os afeizoados e as autoridades científicas decatáronse da importancia deste lugar como punto de estudo da ostra e os responsabeis decidiron suspender o recheado durante algún tempo para facilitar o estudo do lugar. Poderá ser este un novo camiño que millore a produtividade e o aproveitamento das nosas augas? Importante sería polo menos, poder chegar a unha conclusión neste senso.

A ciencia ten que aportar unha visión cara ao futuro. Un porvir certo desde moitos puntos de vista, mas que debe contar co mar por forza.

O teorema de Gödel é un teorema famoso da lóxica matemática. Dende fai xa cincuenta anos. Por qué diñao falar de il hoxe? E porque hoxe (quero decir: nos últimos vinte anos) o efecto deste teorema, diferido moito tempo, espállase no pensamento filosófico de Francia.

Lacan sirveuse da referencia ó teorema de Gödel pra soste a tese de que o real móstrase cando o simbólico se desfai: “o real é o *impasse* da formalización”. O real móstrase cando algo non pasa á formalización; cando a formalización é interpretabel segundo a súa falla, a súa ausencia, e non o seu desenrolo demostrativo.

Pra Lacan, o teorema de Gödel ilustra este punto porque il indica que existe algo do real dos números que non é formalizabel, que ausencia da súa formalización nos permite tocar o real dos números.

Mais recentemente, R. Debray é A. Glucksmann —sen punto de comparación co inmenso Lacan!— foron eí a topar o seu punto de referencia.

R. Debray, no seu pésimo libro *Crítica da razón política*, fai un uso alegórico do teorema de Gödel pra fundar o principio de non-complitude dos imaxinarios políticos.

A. Glucksmann, en *Cinismo e paixón*, adicase a amosar que o Occidente é bon cando se une pra atrancar ó Mal, malo cando se esgaza tocantes ó Ben. O cerne de Occidente é pois limitativo, negativo. Que o teorema de Gödel sexa coñecido como un teorema de “limitación” interesa maiormente a Glucksmann.

Pero o que é moi revelador, é que a formulación que Glucksmann da do teorema é falsa. Il reconduceo nefeuo ó enunciado seguinte: “as matemáticas non poden sin contradición eliminar a posibilidade dun enunciado contradictorio”. O teorema de Gödel non di nada deso. Di unha cousa moito mais interesante. Di que se pode demostrar que é imposible demostrar nun sistema formal suposto non contradictorio que este sistema é non contradictorio. E aínda mais: Si un sistema é non-contradictorio, enton non se pode demostrar *neste* sistema a non-contradición en custión.

Glucksmann fai coma se o teorema de Gödel plantexase que a posibilidade do contradictorio é necesaria. Isto valeira ós seus ollos a di-

mensión coherente e afirmativa da ciencia occidental. Endemal, é un contrasentido.

O teorema de Gödel como tal non se refire á posibilidade ou existencia do contradictorio ou do non-contradictorio. Il refírese á existencia ou non dun enunciado sobór do non-contradictorio. A posibilidade de existencia dun enunciado verbo de algo e a posibilidade de existencia deste algo mesmo non son teses reductibeis unha a outra. Hai no enunciado de Glucksmann unha mediación que salta. E o seu sintoma.

Dunha inversión de método.

¿Cal é a característica común a todos estes usos do Teorema de Gödel? E o seu aspecto negativo, quer dicer o seu vencello ao imposible, dun ou doutro xeito.

Para Lacan é a noción de *impasse*: a estrutura fendida do simbólico fai que un significante fique vougo. Esta interpretación está enteiramente articulada na lóxica do “mancamento”, do defecto.

Para Debray, principio de limitación das totalizacións imaxinárias da política.

Para Glucksmann: limitación do principio afirmativo que ameaza ao Occidente.

Isto é coerente coa maneira na que se presentou o Teorema de Gödel ao comezo: como un teorema de limitación do formalismo, como un lindeiro, algo que limitaba unha pretensión ou unha esperanza.

A esperanza devandita era a antidialéctica do matemático Hilbert: que as matemáticas poidesen basearse nun sistema formal pecho, incluíndo a demostración, por procedementos finitos e controlábeis, da súa propia coerenza. Verbo dese proxecto, e só del (xunto lóxica que sexa a súa propia lei imanente, o que Husserl chamaba sistemas “nomolóxicos”), o Teorema de Gödel é unha limitación. Pero ¿non compre tomalo, mais ben, como un acontecemento? ¿Un acontecemento crítico, que destorde a febleza especulativa do proxecto de Hilbert? ¿Non é este proxecto o que se acha limitado, e non o formalismo aritmético?

Compré, ao meu ver virar o método. Non conceber o Teorema de Gödel como un teorema de limitación. Compre pasar da teoría de limitación á de exceso. Non é tanto a limitación da formalización como o feito de que algo a excede o que nos debe interesar. E o positivo deste exceso do que nós imos dicer que é a

verdadeira cuestión dialéctica. Imos considerar o Teorema de Gödel, non como unha desfeita, senón como unha vitória. Unha vitória de dialéctica e da historicidade.

A verdade ultrapasa a súa propia formalización, di o Teorema de Gödel. Dirase, mais axeitadamente, que el determina unha escisión en exceso entre a verdade e a súa expresión formal. A interpretación “limitativa” está na banda do formal. A tese subxacente a esta interpretación limitativa é que é o formal o que é o positivo e que —malfadadamente— esta positividade está “limitada”. Nós, ás avesas, centraremos a positividade da outra banda. A interpretación en exceso está á beira da verdade. Nós derrubamos, así, a noción da limitación.

Dicer que a interpretación “en exceso”, que se opón á interpretación “limitativa”, está da banda da verdade, esixe a dialéctica. Non se pode saír delo sen historicidade, pois toda a cuestión está en saber como se coñece a circulación da verdade desde o momento en que esta está en exceso verbo da súa expresión formal.

O grande movemento de formalización dos matemáticos tiña por finalidade se dotar dun aparello de localización enteiramente controlábel. O Teorema de Gödel di que, aí, hai un punto de fuxida. Neste caso ¿onde se situa o aparello de localización e de control do verdadeiro?

Non hai outra resposta que admitir que existen producións históricas nas matemáticas, que existe unha matemática historicamente constituída. Pódese dar disto un dispositivo de localización, mais presuponemos sempre un acontecemento. Isto é un dado histórico que non pode limpar ningún dispositivo estrutural. Algo que é propio de orde de acontecemento, que aconteceu, que se produciu, que foi producido. Non do formal, senón do acontecer.

Aliás é salientábel que Kant e Spinoza saudaron como un acontecemento da razón, até o punto que o segundo afirme que a verdade ficaría “para sempre agachada ao xénero humano” se a Matemática non houbese amosado a súa regra, e que o primeiro subordina todo o proceso do coñecemento científico a esta “maravillosa invención” dun só home (Tales ou outro calquer).

Ao menos sabían onde o pensamento fai a súa lei dun azar. O azar grego —o real grego— mais ben que o milagre.

Indecidíbel e verdade.

Unha das formas do Teorema de

Gödel: “*existe un enunciado que é a tradución formal dunha verdade, e que, porén non é demostrábel no sistema formal*”. Este enunciado verbo do enunciado indecidíbel *demostra*.

Hai tamén dous aspectos da cuestión:

1. Dun certo xeito un enunciado falla ao sistema formal. Ao menos ún. É tan claro que falla que Gödel demostra que nen este enunciado, poñamos G, nen a súa negación, non-G, non son demostrábeis. G falla na súa totalidade dialéctica. El e a súa negación áchanse ausentes. É esta falla de G e de non-G o que se chama un enunciado indecidíbel.

Indecidíbel: pódese convir que un sistema formal é un aparello de decisión. Decidir é demostrar. A decisión formal é a demostrabilidade. O sistema formal decide o que é demostrábel e o que é refutábel. Sería completo se, verbo dun enunciado calquer, decidise quer o carácter demostrábel, quer o carácter refutábel deste. Agora ben, verbo de G, non decide nada. Verbo das categorías do sistema G está fora de xogo.

2. Este enunciado G, é verdadeiro nun senso totalmente evidente. Porque a tradución canónica de G é: “*O enunciado formal G non é demostrábel no sistema*”. G é un enunciado reflexivo, que afirma a súa propia indemostrabilidade. Toda a solercia de Gödel basease en mostrar que un sistema formal da aritmética é sempre “capaz” de conter semellantes enunciados.

Agora ben: o feito de que G non é demostrábel no sistema é verdade. Desde o punto de vista da súa “tradución” G é verdade. Hai unha verdade evidente de G, aínda que G sexa estruturalmente indemostrábel. Compre convir que esta verdade ultrapasa as posibilidades do sistema.

Xa que logo, a cuestión: ¿qué é o que, da verdade, ultrapasa o formalismo onde se quere encadeala? —cuestión que é moi desemeillante á do “mancamento” e que chega a ser esta: ¿por qué o indecidíbel é un atributo da esencia da verdade?

Pequena semántica política.

Esta cuestión ten, tamén, unha transcripción política inmediata: ¿qué hai no proletariado e na súa acción política que non é deducíbel na formalización do partido? —admitindo que o partido é a formalización da política proletária—. E dicer que o partido é a *formalización* da política é un enunciado que

Gödel

racha coa idea de que el é a *representación* da mesma. Esta é unha boa ruptura moderna.

Se acontece na realidade algo que o partido non formaliza (algo non previsto, verbo do que non ten dirección decontado...) hai dúas vías posibles:

—Pódese dicir simplemente que lle falla algo ao partido, que debe encher esta eiva, restaurar a súa plenitude. Isto é reflexar, desde o estrito punto de vista do propio partido o punto de fuxida. E o partido debe dotarse do significativo que lle faltaba. Se ún fica aí, segue a ter como tema regulador que o partido pode chegar a ser unha formalización axeitada e completa. Lóxica da rectificación, temática dunha formalización ideal por recheo sucesiva das eivas do partido. Virtude dinámica que ninguén tenta rexeitar.

Mais hai, aínda, outra fase das cousas:

—Unha parte da verdade política reborda necesariamente a súa formalización partisana. Algo do proletariado e do pobo veicula unha verdade que o partido non pode formalizar *enteiramente*. De aí o carácter pre-Godeliano dos enunciados da Terceira Internacional: que o partido ten sempre a razón. Compre tamén pensar que o partido está sempre trabucado, no senso de que unha parte da verdade da política ultrapasa, que o partido non é o todo da verdade política.

As dúas son verdade. Está garantido que calquera cousa é incompleta; pero non é menos certo que algo deste exceso é, por principio, irreductíbel.

Toda verdade, ao cabo, articula un defecto e un exceso que son relativos á mesma cousa. O efecto da verdade é propriamente, atendendo a unha cousa, mostrar o defecto e o exceso. Compre a virtude do indecible nos alicerces da decisión. Así, é falaz dicir que hai unha verdade da existencia da política de clase sen o partido e que as cousas se deciden "a se propias". O efecto de verdade non se despreza en plenitude dialéctica mais que na correlación disimétrica do defecto e do exceso.

Un teorema, ¿qué é un teorema?

Un teorema non é grande cousa. ¿É razoábel ver nun teorema un acontecemento que sexa moito mais que un acontecemento da historia das ciencias, que sexa algo no que as consecuencias son considerábeis verbo do pensamento e mesmo da política? Eu digo que si.

Algunhas descubertas matemáticas son grandes acontecementos do pensamento, e decontado, rebordan o campo estritamente matemático. Son acontecementos do pensamento que abren crises xerais dando transitoriamente á matemática un papel de placa sensible de amplos sistemas de contradición. Certos acontecementos poden ter efectos de longo alcance, alén do que eles asentan como cuestión matemática. Houbo nomeadamente: a crise dos números irracionais na Antigüidade; o acontecemento do cálculo diferencial nos séculos XVII e XVIII; a descuberta da posibilidade das xeometrias non euclidianas ao comezo do XIX; o empurro verbo dos paradoxos da teoría de conxuntos ao cabo do XIX. Houbo o Teorema de Gödel.

Son acontecementos ideolóxicos, que fan cristalizar todo un complexo de contradicións alén da súa esfera de validación.

En cada ún destes momentos, é un elemento da concepción do mundo o que se pon en cuestión por estas descubertas matemáticas. Os dispositivos filosóficos áchanse mancados nunha das súas pezas constitutivas.

—Os números irracionais: a idea de que o ser (o que existe) se concreta nos números mensurables no Un; esta idea de que todo ser é Unponse en dúbida. A noción do que é racional vai ser reformulada.

—O cálculo diferencial: pode haber nel unha matemática do infindo: isto conleva unha fenda das categorías da racionalidade na súa encoraxe anterior á finitude e ao monópulo divino do Infindo.

—As xeometrias non-euclidianas: Kant ven de enunciar que o espazo euclidiano é unha forma a priori de toda experiencia posible. ¿Qué pensámos se esta forma non ten xa privilexio racional intra-matemático?

—A crise da teoría de conxuntos: é un atentado á fiabilidade da intuición do múltiple.

En todos estes casos unha descuberta matemática induce unha creba nas categorías da propia orde racional. A matemática non funciona xa como modelo da orde racional, senon como principio de ruptura desta orde. É a indutora ao través de acontecementos considerados de azar, aínda que retroactivamente calculábeis, dunha revolución nas antigas categorías da racionalidade.

O Teorema de Gödel débese conceber como unha ruptura dialéctica,

e non como o fin dunha esperanza de orde.

Compre que o Teorema de Gödel forneza dunha nova forma de coraxe racional, e non dun desalento canto aos ensños nomolóxicos, que tentaban valeir o acontecemento, e facer da ontoloxía formal unha disciplina *rematada*.

Consideremos o fiasco dos partidos—Estados leninistas e estalinianos que se dicían axeitados á formulación da ditadura do proletariado. Que este fiasco se demostre como unha limitación radical verbo do proceso comunista ha ser vivido cun novo alento dialéctico, e non como unha desfêita liquidadora.

Debemos demostrar hoxe o Teorema de Gödel do marxismo, quer dicir a lei correcta do artellamento do exceso e do defecto, verbo do suxeito político. A forma leninista do partido-Estado aparece nunha *limitación* absoluta. Fundemos aí o alento dunha ruptura dialéctica, pois o que terma de nós non é esta limitación, senon a localización, na realidade política, de aquilo que, como feito de verdade circulante, era a súa anticipación excesiva.

O Teorema de Gödel (Gödel demostrou case todos os "grandes" teoremas da lóxica matemática; pagaba a pena dicir: *O egregio Teorema de Gödel*) é de 1930-1931. Pódese formular de varios xeitos (que son interdependentes).

1. En todo sistema lóxico capaz de formalizar unha certa clase de enunciados da aritmética (polo tanto, ento sistema formal aceptábel para as matemáticas existentes) existe, ao menos, un enunciado tal que nen el, nen a súa negación son demostrábeis no sistema.

Esta formulación designa o carácter incompleto da sintaxe da aritmética formalizada.

2. O enunciado devantido é *intuitivamente* (semanticamente) verdadeiro. Xa que logo: o sistema formal fracasa ao inscreber no demostrábel, todos os enunciados verdadeiros. É o carácter incompleto (semántico) da aritmética formalizada.

3. Ao través de artificios salientábeis, maniféstase que é posible, en semellantes sistemas de formalización, (quer dicir de descripción na lingua do sistema) o enunciado: *o sistema é coerente*. Demóstrase, logo entón, que este enunciado non pode ser un teorema do sistema (non se pode demostralo no sistema). É a imposibilidade de autofundación lóxica do sistema. ○

Da estética do valado e da cancela

Por Manuel Facal

A pedra, o prado e a nube, por entre os pinos, conforman os elementos arquitectónicos dunha certa paisaxe galega. A súa plasticidade tocada pola luz e a auga, se sustancia esteticamente nunha diversidade sensible de textura, formas e coores.

Os nosos ceos nubosos e de chuvia son claves estruturais para a nosa conformación estética e polo tanto afectiva. Rapidamente podemos pasar dunha forte luminosidade, que multiplica perspectivas escenográficas a unha tenebrosidade ou néboa ascendente. Pensemos que en outras latitudes a luz pode ser "constante", e que a auga escasea e que poucas veces cae do ceo. Polo que a sonoridade da auga, mais o arrecendo da herba e terra mollada xunto a musicalidade dos carros, animais e paxaros, fanse paradigmas estéticos da nosa artisticidade.

O iniciado galego asinala o seu territorio con pedras e dende el miraba abraiado e medoroso ó ceo. Defendía con valados as súas raíces agrícolas e gandeiras para a súa transmisión de propiedade e cultura. As pedras que se facía fértiles ca auga, maduraban a colleita e pasaban por ser entes máxicos en rituais e sacrificios.

Neste contexto rural revelanse os camiños moi "feitos", imborrables polos valados que nos conducen ós laberintos empedrados. A pedra faise protagonista e convoca a concepción das pedrax nas entrañas da terra". Nos evocas a pedra como fonte de vida dos nosos montes.

Os valados nas súas construcións poligonais, parecen ser primeirizas estruturas arquitectónicas galegas. Non hai que esquecer que as casas da cultura castrexa non son outra cousa que valados circulares. O valado, ordenamento de pedra, reverdecido pola humidade, cuberto de vexetación, ten un carácter forte de or-

denación estética natural integrada á paisaxe. Lección da que se esquecen os arquitectos de hoxen día a hora de facer estruturas integrais á mundo rural. Estas construcións de pedra que en outras culturas facíanse para enmarcar os camiños "míticos", na nosa terra son formas de división da propiedade.

A leira enmarcada polo valado, nos remítemos a sacralidade da propiedade. A maxia do ceo e da terra, fanse presentes nun diálogo profundo gracias á intervención da pedra. Un trozo de terra traballada, baixo os paradigmas ancestrais contén toda unha concepción plástica de unha rara beleza. A xeometría dos sulcos e plantas, o trazo nítido dos regos de auga sobre da superficie verde da herba, os espantallos, moulllos, e paleiros, son outras tantas claves estético-estruturais do noso ensino.

Si contrastamos os valados dos muros-bunker de hoxendia, teremos que berrar por unha concienzación dos labregos e arquitectos. Estos últimos dispostos a destrución sistemática do noso mundo rural.

Un elemento estrutural clave dentro do contexto dos cerrados de pedra e a porta de entrada ou cancela. Forma plástica-funcional, "assemblage", que representa o maior exemplo do cruce entre o arte povera e o arte mínimo ou "minimal". Materiais perennes da natureza que armados nunha estrutura simple, mínima, se acomodan a inmensidade da paisaxe. Máximo orden con mínimos materiais. Elementos "pobres", pino, eucalipto, etc., que aluden a provisionalidade e perennidade, e que por outra banda aluden a economía da forma, estado mínimo do orden perceptual, e formal.

Valado e cancela deberán de ser para os nosos artistas dúas formas reflexivas e de inspiración. Paradigmas estruturais e ecolóxicos da nosa arcoloxía galega. Ambos dunha aparente descuidada execución e de unha caridade estrutural que deberán ser entendidas como un forte estímulo de sensibilización estética e social.

Xa é tempo de entrar no escenario rural galego e tomalo como soporte de experimentación e educación. Axudar a recuperar a dignidade humana do traballo no ensino pode ser labor dos "artistas". Entendemos pois a necesidade dunha campaña de concienzación sobor dos máis altos valores éticos, sociais, e por que non estéticos que se atopan no campo galego.



Alain Badiou nasceu no 1937. Matemático e filósofo. Profesor na Universidade de Paris VIII.

Obras principais:

"Le concept de modèle" (1969, ed. Maspero)

"Theorie de la contradiction" (1975, Maspero)

"De l'ideologie" (con F. Balmes) (1976, Maspero)

"Le noyau rationnel de la dialectique hegelienne" (1978, Maspero)

"Theorie du sujet" (1982, Ed. Sevil).

Tintín

e “o cetro de ottokar”,
unha amizade ao servizo
da coroa

Por Carles Prats



DENTRO da saga dos tintíns topamos sempre certos álbums cun feitizo singular, un aquel que os converte en obras insustituíbeis. Neste caso estaría o tan viaxado *Tintín no Tíbet*, que nasce nun momento ben difícil na vida de Hergé, no que, por mor de saír das súas depresións, os médicos aconselláranlle ao dibuxante inactividade total. Faltando á prescripción, Hergé vai elaborar un álbum de reencontro do amigo perdido e de magnificación das neves, a xeito de espello para os teimosos soños brancos do artista. Aínda así, para moitos esta aventura no Tíbet non chegará a ser a peza máis apreciada na andaina do xóven reporteiro.

Quizaves polo papel central que, en moitos sentidos, ten *O Cetro de Ottokar*, coidamos que podemos chamarlle un álbum chave. Poida que o menos significativo desta intriga centroeuropea —que apareceu nas páxinas de *Le Petit Vingtième* a primeiros de agosto de 1938, cinco meses após a invasión de Austria polos exércitos de Hitler— seña o debut de Bianca Castafiore, o rouxinol de Milán, na saga. Sen depreciar o feito de que, por primeira vez, unha dama ven incorporarse ás aventuras de Tintín, aínda chama máis a atención que *O Cetro de Ottokar* fose o derradeiro álbum sen a presenza do capitán Haddock. Efectivamente, despois das aventuras en Syldavia Tintín métese no asunto de *O Caranguexo das Tenazas de Ouro* e ten ocasión de coñecer ao seu futuro bule-bule e borrachola compañeiro. Tal se agoirase esta necesidade de compartir peripecias, Tintín entra na trame de *O Cetro de Ottokar* como acompañante dun profesor aluado.

Con grande lixeireza narrativa e na mellor das tradicións aventurais, Hergé pon o inicio do álbum nun parque. Tintín paseia cunha novela embaixo o brazo e, á súa beira, Milú anda aos paxáros. Enriba dun banco, abandonado, Tintín atopa o maletín do profesor Halambique no que está o informe que o sabio deberá presentar ao Congreso da F.I.S. —Federación Internacional de Sixilografía—. Desouviúdo os consellos de Milú, Tintín decide voltarlle

o maletín ao profesor. Dende o intre no que este mozo reporteiro entra no número 24 da Rúa do Voo a Vela, chouta unha impresionante historia de conspiracións —cun obvio trans-fondo político— que non tería nada que lle envexar á abraiante *Alarma no Expreso* de Hitchcock, dada a coñecer no mesmo ano 1938.

Mesmo ao entrar en contacto co profesor Halambique, Tintín base convertir en involuntario espectador —polo menos ao comén— dunha conspiración que quere tollear a monarquía de carantofa que goberna Syldavia en favor do conspirador Bordurio Müstler que, como dixo o propio Hergé, non é senón a contracción de Mussolini e máis de Hitler.

Tintín, ameazado de morte dende as primeiras páxinas de aventura, terá de andar esquivando os innumerábeis perigos mentres vai coñecendo que se acocha atrás das xuntanzas de conspiradores syldavos no restaurante Klow, así como os estranos sucesos relacionados co profesor Halambique que, co fin de clarear algúns dos seus estudos sixilográficos, ten de compulsar os arquivos reais syldavos. A ignorancia de Tintín, que empeza a se desprezar axiña que consulta na súa casa, unha enciclopedia o apartado referido ao cativo país balcánico, desliase, ao fin, cando cain nas súas mans uns prospectos turísticos con información xeral sobre Syldavia e con datos específicos que compren para entender as accións posteriores: si o rei Muskar noir leva o cetro de Ottokar na cabalgata do día de San Wladimiro, terá de abdicar.

A partires dese intre Tintín non foita somente pola súa supervivencia senón a favor dese monarca —especie de Bertie Wooster coroado e balcánico— que dende a súa propia insignificancia está acarón dos bons. O esforzo dos pérfidos conspiradores —promovido por esa malvada “Garda de azo” no vivirá diante dos reputados detectives Hernández e Fernández que acudiron lixeiros para prestar os seus servizos ao coitado rei Muskar, coa ineptitude habitual nestes falsos xemeos —que de solo haberían chamarse Hernández e Hernández,

naturalmente— que dan exemplo do aborregamento e falsa eficacia policial.

Tintín, a base de inxenio e de abondoso despilfarro de enerxías, consegue —coa colaboración de Milú— voltarlle a tempo o cetro ao monarca e acalar a tentativa de golpe de estado.

Se no argumental *O Cetro de Ottokar* recorre ao feitizo dun símbolo real para lexitimar o poder e tira del posibilidades narrativas e corpo simbólico para o relato, no cido gráfico topamos un elemento chave: a presenza de Edgar P. Jacobs. Mentres que a primeira versión —en branco e negro— do álbum é só de Hergé, a reelaboración para o formato de álbum actual a cores, correu a carrega dese curioso cantante de ópera e perfeccionista gráfico chamado Jacobs que, despois, daríalle vida á saga de *Blake e Mortimer*.

Mostra do traballo de Jacobs é o a súa presenza —caricaturesca— na viñeta paladina da páxina 59 do álbum na que aparece vestido con armadura e con monóculo. Presencia caricaturesca que recunca noutro álbum, *Os Cigarros do Faraón*, en que sae, na portada, como arqueólogo momificado sob o nome de E. P. Jacabini.

Hergé e Jacobs xuntos a traveso do tempo en *O Cetro de Ottokar*. Un álbum que, dixo Hergé, “conta unha especie de conto de fadas: un pequeno e bonito país que vivía ledo e que tería deixado de solo ao caer nas mans de Müstler.... Non é para sorprenderse, pois, cando Numa Sadoul a se lle suixerir a Hergé “en definitiva Edgar Jacobs é Haddock”, Hergé teña que responder: “¡Efectivamente!”.

Tradución de M. L. A.

N. — En idioma galego, traducidos por Valentín Arias, hai á venda os seguintes álbums de Tintín: *O Caranguexo das Tenazas de Ouro*, *O Caso Tornosol*, *O Tesouro de Rackham o roxo*, *Tintín e os picaros*, *A Illa negra*, *Obxectivo a Lua*, *Explorando a Lua*, *O Segredo do Alicornio*, *Tintín e o Lago dos Tiburóns*.

LUZ POZO GARZA

Chovía en Compostela

O aire semellaba unha camelia branca
Tornouse en chuvia. Aterecida ausencia.
Sombras escuras.
Columnas primordiales con volume románico.
Mas non estabas ti.

Mirei a tarde
Liña espiral da chuvia na memoria
Unha estación de incenso, pranto, mirra
abisal. Salgueiros, partituras.
As fontes fican soías.
Unha especie de bafo de camelias unxidas.
Chove gris Compostela. Un cálice de chuvia.
Mas non estabas ti.

A nosa historia
pertenece á cripta dos crepúsculos
camiño de Santiago.
Unha longa coroa de cúpulas
xiadas
a facer o milagro polas pontes de Roma.
A nosa historia hase ler baixo a lámpada pura
na noite dos pazos abertos.
Na noite debruzada
sobre panos de seda, catedrales pechadas,
aras de perpiaño.
Nun dolmen presentido perto de Compostela.
Biquei a tarde nos altares.
Mas non estabas ti.

Á percura do tempo
rachei as partituras do Codex Callixtinus
no Pórtico da Groria.
Unha casulla azul polo pranto e a ausencia
derrubouse sen bruido
Desprovista das verbas que nivelan os cálices
fiquei a contra luz.
As lousas escribían a paisaxe obstinada.
Despois chegou a noite. Chovía en Compostela.
Mas non estabas ti.

(Códice Calixtino)

Volver a Lugo en forma de sosego

Volver á aquela primavera que fuxía dans mans
algunha verba en soedade
algunha noite aberta coma un sopro
sobre das almofadas húmedas de silencio...
por enriba do Miño.

Volver a ollada lonxe en vidas sucesivas
nomear ese río que chamamos pasado
a palabra inmediata que ven dunha certeza de muralla
non poder esquencer pórticos descubertos ou azuis ignorados
que foran presentidos
na forma de recordo que precede á existencia...
por enriba do Miño.

Na excesiva demora
alguén pechou os ollos a falta dunha imaxen clemente
na memoria do tempo pasan brisas mutables
o que existiu ben puido ser soñado ou talvez predecido
acaso precisado nesa reminiscencia
que permite asumir escuras profecías...
por enriba do Miño.

Volver á primavera que fuxía
nun xeito de mudanza repentina
conciliar os espazos, os lamentos
as últimas palabras dun recinto segredo
mentras en forma de SOSEGO escoitamos
unha fuga de Bach
nun violín invulnerable e mudo...
por enriba do Miño.

Luz Pozo Garza.

O reino de despois do diluvio

Alguén vai pronunciando unha silaba fría
unha mínima curva dun alfabeto efímero
non digas que chegou a sombra
foi unha sensación nunca verificada
foi a consagración dun cántigo sen forma
non digas que chegou a sombra con labios exaltados.

Alguén vai compartindo as horas limpas
os movementos da noite
non digas que chegou o tempo
o desvelo do outono que confirma o silencio
a floración que xeme e estremece
non digas que chegou o tempo
cando acordan os labios un temblor de caléndulas.

Distanciar este espazo dunha resposta dura
recuperar a música entregada á inocencia
non digas que vai vindo a noite
se te lembras das longas avenidas dunha tarde de outono
se aínda escoitas a fala inconsolable do país en que se ama
non digas que vai vindo a noite
cando declina o diálogo das formas únicas.

Podes esclarecer
a imaxen da palabra a nivel dunha vida
non digas que virou a sorte
no lugar da costume onde se pousa un libro aberto
miras a estancia nosa
o reino de despois do diluvio
o reino onde respiran interiores sen límites
unha man que conduce a sombra o tempo a noite da existencia
non digas que se achega coma un sopro a morte
non digas que se achega coma un sopro a morte
nunca...

Luz Pozo Garza.



LUZ POZO GARZA

Nacida en Ribadeo no ano 1922, viveu en Lugo, Larache (Marrocos), Viveiro e actualmente en Vigo, onde exerce como profesora de Ensino Médio. Fixo estudos de Piano (con importante incidéncia na súa concepción da lingua poética), Maxisterio e Filosofía e Letras. Dirixiu desde 1980 a revista literaria NORDES, publicación que, desde o mes de xullo de 1984, detivo a súa saída.

E autora dos seguintes libros de poesía:

O paxaro na boca, Xistral, Lugo, 1952.

Verbas derradeiras, Nordés, A Coruña, 1976.

Concerto de outono, Edicións do Castro, Sada, 1981.

Ten na imprenta un libro de crítica literaria onde se recollen diversos artigos e comentarios que foi publicado ao longo da súa vida en diferentes revistas de Galiza.

Algúns dos poemas que aquí presentamos pertencen ao seu libro inédito Códice Calixtino.

Desde unha inicial orientación surrealista ao xeito de Aleixandre e próxima tamén á escrita de Pimentel, a lingua poética de Luz Pozo Garza camiña progresivamente cara unha expresión mais esencial, na que os motivos musicais e plásticos (da súa dedicación á pintura e ao debuxo dan amostra as moitas ilustracións de Luz Pozo que enchen as páxinas de Nordés), o ton reflexivo e sereno, alleo a calquer dislocación dramática, conforman unha voz elegante e profunda, elaborada en estruturas de claras liñas compositivas.

PIERRE DE RONSARD

Quand vous serez bien vieille
au soir à la chandelle...

Cando vaias velliña, baixo a luz da candela
Sentada xunta ó lume, a devanar e fiar,
Dirás, maravillándote, meus versos a cantar:
"Gabábame o Ronsardo no tempo que era bela".

E non terás criada que oíndo nova atal
Cansada do labor, medio toconeando,
Ó sentirme nomear non vaia despertando
Pra louvar o teu nome de louvanza inmortal.

Eu estarei so terra e, fantasma sen osos,
Baixo os mirtos umbríos poderei descansar;
Tu serás unha vella engruñada onda o lar
Laiando o meu amor e os teus desdénos furiosos.

Vive, se queres crerme, non agardes mañá,
Colle as rosas da vida dendes de agora xa.

Traduciu: Dario Xohán Cabana.

J. DU BELLAY

Heureux qui, comme Ulysse a fait un beau voyage...

Feliz quen, coma Ulises, fixo viaxe acaída,
Ou atal aqueloutro que gañou o toisón,
E despois volveu, cheo de experiencia e razón,
Pra vivir coa súa xente o resto da súa vida.

¿Cando voverei ver dos meus propios casais
Fume na chaminea, en que boa acaxón
Voverei ver o zarro da pequena mansión
Que é pra min un condado e aínda moito máis?

Máis me praxe a morada por meus avós labrada
Cós palacios romanos de alteirosa fachada,
Máis có mármore duro práceme a lousa fina,

Máis o meu Loira galo do que o Tibre latino,
Máis o Liré pequeno có monte Palatino,
Máis có vento mareiro, a dozura anxeвина.

Traduciu: Darío Xohán Cabana

NON TODO NA AUGA
É SILENCIO

Pra Nuria e máis Xavier

Se a chuvia non consegue borrar
o encanto dos lirios
a visión espida do vento
nin a emoción de recordar calquer
azaroso movemento
o sonido dunha ponla o último
escintileo do sol da tarde
senón é capaz de vencer a ilusión
é que non todo na auga é silencio
non todo na terra é marmurio de morte.

Xosé María Costa

MALA NUE

E dábame que en cada esquiña o teu sorriso
non era un simple movemento de cabalos
ou libélulas que xogan ao truco nun cabazo.

Monte arriba as cousas parece que van
perdendo importancia,
que a copa que tomas no bar é un xogo
idiota que desfásase entre os teus dedos
e os tombos de mar.

Lémbrome moi ben como me falou a vaca xaponesa
e como arrecendía o incienso na catedral
de Compostela cando paseaba totalmente
soio polo porto da Cruña.

É o teu sorriso que emana como xardín,
i é o sol que alumea ás froles onde
pósanse tódolos xilgaros pra contemplar
os teus ollos de axilidade de gaita.

Tiña razón Pexegueiro que non era Cecia
a que atoparon no bosque das fadas
que foi Mala Nue sentada nun trono feito
cos seus cabelos, e non estaba alí
porque os seus ollos brilen como a lúa
reflexada no mar, nin porque o seu sorriso
emane como chuvia de estrelas,
sinon porque Mala Nue é a fada das fadas
e voia en cabalo branco de xazmín en xazmín
ao traveso do seu propio sorriso.

Rivadulla "Corcón"

AMOR DO BOSCO

quero traer ao teu corpo de morta
ollos para ollar nos séculos vindeiros
as pombas dos homes nas roseiras
que fixeron terra e povo nos loureiros

quero mapoulear nos peixes lenes
para ficar canso nas cores esvaídas
procurando as seivas máxicas dos devanceiros
que alumeen a tua face lourida e lenticida

quero dende a póla murcha dunha árbore
ao son das cítaras dos gnomos alcendidos
oubear ionseis tépedos nas festas
sen que as dalías azul-sexo dos lirios
destrúan a nosa morte compartida
e me deixen a min cavaleiro dorido
nas espidas praias da vida
naúfrago da morte de non morrer contigo.

Lino Braxe

"FRAGMENTO POLA
DESTRUIÇOM DO IMPERIO
DE NYX"

"Cuando la reina, majestuosa y trágica, quedó
sol en el camino, uno de los alfiles se le subió a la
espalda y el otro, con un toque de lanza, la
derrumbó".

(Cristina Peri Rossi)

...É as estrelas voltaron a amar
despois de tanta noite, noite e noite.
Amaron proclamando unha nova alva
e a sua ledicia cristalizada
em pequenos núcleos de água vermelha,
ia debuxando espirais de ferro
que, ao ficarem penduradas das nuvens,
anunciavam a morte da deusa Nyx.
Com húmida destruiçom de siléncios
fugírom os corpos da escuridade
mentres milenárias de sal doncelhas,
que habitavam um sonho de guerreiros,
sorrintes intuíam-se ao seu alcance,
como plenas,
líricas...

Xulio Bejar

A PENA DA MOURA*

Hei volver co meu rodelo de enorme
e dura pena de tristura e día,
baixarei cara ó regueiro conforme
vou amando o chan que mol se desfia.

Correrei a recollerte erma pena
duro fondo de abismos e soidades
mentres o aire da serán luz me acena
falando en min con tenras irmandades.


Levareite ó meu lar, amor xigante
a bebe-los espacos onde habita
o esquecermos da terra feita amante,

transportareite espida coma estricta
rebelúa que dora a dor adiante
miña pena da moura, grande e invicta.

novembro-1983

Xosé A. López Dobao

* "Botando a vista abaixo, ó regueiro que pasa polo fondo entre dúas montañas,
atopei dúas xigantescas rochas, anque unha un pouco maior ca outra. Pregunteille ó
meu abó que, parando ó cabalo, contoume a su historia: *A máis grande é A Pena da
Moura, a outra é, O Rodelo. Unha moura tróuga, sabe Dios d'onde, tróugoa á
cabeza, e serviulle de rodelo a outra máis cativa*".



4/11/84
Huelga

